

LABREGAS. O SLG participou no Encontro Estatal de CERES ▶ 22

EHE. Demandamos máis información ao sector, investigación pública e medidas preventivas ▶ 18

VESPA VELUTINA.

Reclamamos un plan de choque contra a vespa velutina ▶ 16-17

TERNERA GALLEGA SUPREMA. Opoñémonos á obriga de acortellar a Ternera Gallega e finalizar a súa alimentación con penso ▶ 20 e contraportada



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXIII - Nº 345 -Outono- 2023

O SLG CONMEMORA 50 ANOS DE LOITA LABREGA



O sábado 23 de setembro o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas celebrou o seu cincuenta aniversario cunha xornada festiva e reivindicativa en Encrobas (Cerceda, A Coruña). No escenario dunha das loitas sindicais agrarias históricas do SLG-CCLL, centos de persoas partillaron lembranzas e experiencias na loita polo dereito á necesaria soberanía alimentaria dos pobos e pola defensa do territorio fronte aos abusos do sistema capitalista, celebrando a nosa implicación, non só como organización, senón que tamén como pobo, na defensa dun medio rural galego vivo. ▶ 3 a 9

PREZO DO LEITE

Lembramos ao Ministerio a urxencia de ter en conta os prezos do leite para calcular as marxes de beneficio ▶ 15

PRAGA DE VERMES

Urximos á Consellaría do Medio Rural (CMR) a actuar fronte a praga de vermes que levan meses afectando pradeiras e cultivos ▶ 19



50 anos 1973-2023
CONSTRUÍNDO FUTURO



séguenos en

www.sindicatolabrego.gal

e tamén en

[facebook](#)



[twitter](#)

Ternera Gallega Suprema

Apiques de rematar o 2023 semella un bo momento para facer un pequeno balance deste ano no que o Sindicato Labrego Galego celebrou o seu medio século de vida. En todas as comarcas galegas o sector primario segue a ser polo número de persoas ocupadas de xeito directo ou indirecto, pola súa importancia económica, social, cultural, ambiental ou de xestión do territorio, absolutamente esencial. A agricultura e a gandería xeran emprego, crean a paisaxe da que desfrutamos e sobre todo proporcionan os alimentos que precisa a sociedade.

Malia a todo o dito, en numerosas ocasións a administración e algúns operadores desprezan a maioría deses bens que a xente labrega achega a sociedade, para valorar unicamente a facturación que hai detrás dos proxectos. Se é un cebadoiro moi dimensionado, aínda que traia os concentrados de miles de quilómetros, non teña terra e, polo tanto, xere un importante problema de residuos, empregue man de obra precaria, e moitas veces o único que deixe no lugar no que está instalado sexan impactos negativos, é bo porque factura moito. Se hai moitas pequenas granxas que xeran importantes ingresos para as familias correspondentes, coidan unha importante parte do noso territorio e producen alimentos de gran calidade, fáise-lles a vida imposíbel. É boa verdade que só o necio confunde valor e prezo.

Nas últimas semanas estase a dar un vivo debate arredor da proposta de cambiar o regulamento de Ternera Galega. Menos o representante do SLG, o resto de representantes no Consello Regulador está de acordo en obrigar a “acortellar” os xatos de TGS os dous últimos meses, e cebalos tamén de xeito obrigatorio con concentrado. O argumento que están a dar é que hai un número mínimo de canais, o 0,5%, que non cumprirían as condicións de engraxamento. A Industria ten ferramentas no regulamento actual para non clasificar as canais que non cumpran os pa-

rámetros acordados no regulamento, pero en momentos que precisa carne válelle todo e logo ponno de escusa para os prezos baixos.

A produción de TGS é moi apreciada hoxe por moitas persoas consumidoras, que lle dan especial importancia ao feito de ser un animal que como mínimo ten que ter lactancia materna até os 7 meses e á idea de que maioritariamente son animais criados en extensivo, en base a pasto. A lactancia materna e a cría en base a pasto determinan criterios obxectivos de calidade como, por exemplo, a riqueza de ácidos graxos saudábeis como o Omega 3 e o Omega 6.

Temos exemplos de granxas que criaron os animais acortellando e téndoos no pasto, e moitos coinciden en que na cría en base a un pasto de calidade hai aforros importantes por animal, de 200 euros e máis, que se reducen o número de neumonías e de diarreas e, por conseguinte o emprego de medicamentos, que tamén se reduce o traballo para as persoas gandeiras, e que no seu caso os índices de engraxamento son similares, dependendo máis da raza e do tipo de animal.

Hoxe por hoxe, hai moitas persoas gandeiras que obteñen canais de máxima calidade que non teñen instalacións para cebar os animais dentro. Representantes do Consello Regulador admitiron que non sabían que número de granxas podían realmente ter as instalacións axeitadas ou cantas podían quedar fóra de TGS se van para adiante estes cambios. Mesmo chegaron a dicir que con catro chapas fóra ou nunha palleira vella xa podería valer, sen que ter en conta que hai unha normativa urbanística, unha lexislación de condicionalidade e mesmo unhas condicións de benestar animal aprobadas polo propio Consello Regulador moi esixentes, e que indican que non cumprirían parte das instalacións actuais.

Estes días nos que se oíu de todo, algúns poñíanlle problemas a que a carne criada en extensivo fose algo máis escura e con fibra.

Poñendo un paralelismo, dubidamos que os criadores de galos campeiros queiran homoxeneizar a súa carne co polo industrial, dado que os consumidores e as consumidoras que coñecen o sistema de cría de polo campeiro son os que están a dispostos a pagar un maior prezo.

Non se entende querer meter en problemas a moita xente, cando temos unha carne que goza do máximo recoñecemento. Por outra parte se unha granxa quere certificar como ecolóxico ten que garantir necesariamente o acceso ao pasto. Está por ver como se acortella e se accede ao pasto ao mesmo tempo. A proposta do SLG de que as granxas poidan obter as canais coas máximas calidades co método que mellor lles funcione: con leite materna e pastos de calidade, suplementando con cereais en tolvas ou dentro, no pasto ou recolléndose en instalacións axeitadas, non lles vale. Si ou si hai que “acortellar” e dar concentrado, aínda que non se saiba moi ben como se vai acortellar.

Semella que imos ir na dirección contraria aos desexos das persoas consumidoras, que ao final son as que compran a nosa carne, e dunha diferenciación da nosa carne respecto ao cebo industrial, que sosteña e tamén que xustifique uns mellores prezos para as persoas gandeiras. Para obter carnes coa máxima valoración noutros lugares están traballando en etiquetas como carne 100% de pasto, de herba, tenreira ecolóxica 100% de pastos... e aquí queremos obrigar a acortellar e a cebar obrigatoriamente con concentrado. Menos mal que algúns ían defender TGS e non os cebadoiros. Se a vía é facer cebadoiros na casa, a ver canto tardan os cebadoiros en propor outro cambio no regulamento para dicir que, para facer o mesmo, eles tamén queren realizar eses 2 últimos meses de finalización con concentrado e marcar por TGS. O tempo dirá, e coidado que cos representantes actuais até poden ter maioría para aprobalo. En fin.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL
COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo
Vera Cruz Montoto Vázquez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓN
Uxia García de Bucifios, Cándido Iglesias Turnes, Xosé Ramón Cendán, Santiago Rodríguez Cid

PECHE DE EDICIÓN 21-12-2023

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177

AS PONTES 8 de Marzo, s/n - 15320. ☎ 669 651 700

BERGANTIÑOS Bar Arboleda. Coristanco. ☎ 981 682 908

BETANZOS Cruz Verde 7, baixo - 6. ☎ 981 773 377

COMPOSTELA Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 588 532

MELIDE Rúa do Convento s/n. Contactar co ☎ 686 936 429

MOECHE Oficinas do Campo da Feira. ☎ 669 651 700

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 554 147

MUXÍA Sendón. ☎ 981 588 532

ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908

PONTE DA PEDRA Casa Capellán. ☎ 669 651 700

SANTA COMBA Rúa Miraflores, 0, Casa da Cultura.

☎ 981 588 532

TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781

VAL XESTOSO Casabella. ☎ 669 651 700

AS NOGAIS Casa do Concello. ☎ 604 027 886

A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 604 027 886

CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804

LEMON Local da CIG. Monforte. ☎ 982 440 804

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154

MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714

RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira.

☎ 982 512 431

MONTEDERAMO Casa do Concello. ☎ 630 970 131

RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230

XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547

A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232

CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos. ☎ 669 808 418

LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268

O ROSAL Ramón Franco, 13. Edf. Rosales. ☎ 986 625 394

O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia).

☎ 648 263 009

PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6

☎ 986 641 508

FOUCE ▶ Reproducimos o editorial *O Noso Sindicato* (Fouce nº 4), datado de 1977, onde se recollen os cimentos que definen á organización que nace en 1973 na clandestinidade:

Comisiós Labregas aparece no ano 1973 diante da necesidade sentida polos labregos galegos de defender os nosos intereses como clase diante da opresión i explotación a que viñamos sendo sometidos dende fai séculos. Xa facia tempo que un partido patriota galego, a Unión do Pobo Galego (UPG), viña levando loitas neste senso (lembrémonos de Castrelo de Miño no 66), pro os labregos galegos necesitábamos unha organización na que puidéramos unirnos pra facer máis efectivas as nosas loitas.

E por eso polo que xurden as Comisiós Labregas (CC.LL.), que son potenciadas dun xeito incondicional pola UPG, i é a partir de ahí cando o Movemento Agrario Galego toma forza e aparece aí onde os labregos temos que enfrentarnos cos axentes do Estado Imperialista pra defender os nosos intereses.

Durante eses anos de represión e clandestinidade, CC.LL. edita o seu voceiro, «FOUCE», que chega por mui diferentes camiños a gran número de labregos, e leva adiante loitas encontra do pago da Cuota Empresarial da Seguridade Social Agraria; pola devolución dos montes os veciños, loita ésta que empeza a dar as primeiras victorias; a dos veciños das Encrobas encontra da espropiaición das súas terras pola empresa «Lignitos de Meirama» (outra victoria fortísima pra CC.LL.); dos labregos de Xuances-Xove, encontra da instalación da Central Nuclear, e muitas outras (Campobecerros, Quiroga, Baldaio, Ponteceso, etc.).

Diante da nova situación política, do decreto que regula a legalización dos sindicatos, Comisiós Labregas plantéxase a súa transformación de masas en sindicato. Comenza unha forte campaña de presentación e afiliación que ten como un dos puntos importantes a assemblea labrega celebrada no mes de maio con asistencia de máis de 500 compañeiros. De todo este proceso xurde o que hoxe é o Sindicato Labrego Galego - Comisiós Labregas.

O Sindicato Labrego Galego - Comisiós Labregas é a organización de tódolos labregos galegos pra loitar encontra dos caciques, dos intermediarios, das empresas monopolistas, do Estado Imperia-

EDITORIAL

O NOSO SINDICATO

lista que nos queima con impostos irracionás e con leixes feitas de costas os nosos intereses, i encontra de todos aqueles que queren que sigamos sendo o pandeiro de todos. Contra todos o sindicato opón a forza da nosa unión.

Nós non podemos, nin queremos, contar co apoio dos caciques, nin das empresas, nin do Estado, pro eles non van a deixar facilmente e poloas boas que nos unamos, polo que van a tratar de desunirnos.

Esa desunión van a tratar de metérmola ou ben polo camiño de sempre, decindo que non somos capaces de xuntarnos, que si nos afiliamos o sindicato vamos a levar paus e ser detidos, que vamos a ser manexados por partidos políticos (co que nos manexaron sempre foron eles e queren seguilo facendo), e outras muitas cousas polo estilo. A eso débémolles responder coa nosa unión e a nosa loita, unha loita que, muitas veces, pode parecernos interminable e agotadora, pro na que debemos ser persistentes si queremos vernos libres algún día da explotación a que estamos sometidos.

Pro o xeito máis enganoso de desunirnos é formando outros sindicatos labregos nos que van a tratar de meternos engaiolándonos con bonitas palabras de que son independentes e cousas así. Ahí é onde está o verdadeiro peligro pra nós, pra tódolos labregos galegos, e ante eses novos sindicatos que nunca loitaron, nin o van facer, debemos manternos vixiantes e denunciálos sempre, pois tratan de dividirnos, de quitarnos forzas. Aínda que falen mui ben —falar, falamos todos— debemos fixarnos sempre en cáles son os seus feitos i en qué está por tras deles,

si somos nós os labregos ou son os caciques de sempre (membros das antigas cámaras oficiais sindical agrarias i Hermandades, Alcaldes de Alianza Popular, etc.), caciques que agora se disfrazan de demócratas e de boas persoas.

E o caso, por poñer un, do SILGA (Sindicato Independiente Labrego Galego), que copiando o noso programa e sin dar alternativa ningunha, andan por ahí a decir que eles son os bós, que son independentes, que as CC.LL. estamos manexados.

¿E non serán eles os que tratan de manexarnos? Pois non podemos esquecer que o seu presidente, o Sr. Pena, foi dende sempre un membro da Cámara Oficial Sindical Agraria que asistía, entre outros, as reunións deste organismo en Santiago. Ou que os apoia un señor mui importante en Lugo, que non é outro que don Eduardo García Rodríguez, Presidente da Diputación, conocido líder de Alianza Popular e vinculado tamén as cámaras i hermandades. ¿Non será que estos señores de quen son realmente independentes é dos labregos?

Diante desto debemos decatarnos que a nosa afiliación a un sindicato debe selo a aquél que realmente defenda os nosos intereses, non soio na teoría, senon tamén, e sobre todo, na práctica, e comprender claramente que o Sindicato Labrego Galego - Comisiós Labregas, formámolo nós, os afiliados, e que polo tanto nós somos as Comisiós Labregas e que defendendo e afiliando a novos labregos estamos defendendo algo noso, estamos defendendo os nosos intereses.

Soio na medida en que nos demos conta de que Comisiós Labregas non é algo que está ahí pra defendernos independentemente dos nosos esforzos e de nosouros mesmos, senon que é a organización de todos nós pra, unidos, loitar, pola defensa dos nosos intereses.

Por eso, de hoxe en diante, non permitamos nunca que naide ataque nin fale mal do Sindicato Labrego Galego - Comisiós Labregas, porque o facelo, tamén nos está atacando a nós, os labregos, i está pretendendo crear a desunión e o descontento entre nós.

50 ANIVERSARIO SLG ▶ Centos de persoas celebraron o sábado 23 de setembro en Encrobas os cincuenta anos en pé de loita labrega do Sindicato Labrego Galego

Así foi o aniversario do SLG-CCLL en Encrobas



Unha imaxe do acto conmemorativo do 50 aniversario do Sindicato Labrego Galego (SLG) que festexamos o pasado 23 de setembro en Encrobas (Cerceda, A Coruña).

Ao longo do pasado sábado 23 de setembro o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) celebrou o seu 50 aniversario cunha xornada festiva e reivindicativa en Encrobas (Cerceda, A Coruña). No escenario dunha das loitas sindicais agrarias históricas do Sindicato, centos de persoas partillaron lembranzas e experiencias na loita polo dereito á soberanía alimentaria de todos os pobos e pola defensa do territorio fronte aos abusos do sistema capitalista, celebrando a nosa implicación, non só como organización, senón que tamén como pobo, na defensa dun medio rural galego vivo.

A programación do evento estruturouse nunha primeira parte de intervencións de representantes dos Sindicato Labrego Galego e da Coordinadora Europea Vía Campesina, da que o SLG-CCLL forma parte dende a súa creación na década dos noventa do século pasado. Seguidamente a sesión vermú, amenizada polas Pandeireteiras das Encrobas, deu paso a un grande xantar labrego coordinado pola cooperativa agroecolóxica 'Co xeito de Gaia'.

Acto conmemorativo

Na primeira das intervencións realizadas pola mañá, **Bernardo Fernández Requeixo**,

“Avante a loita labrega, avante as Comisións Labregas!”

primeiro Secretario Xeral do SLG-CCLL, salientou o valor da afiliación do Sindicato, dos seus aportes e do imprescindible da súa forza, proclamando: “Avante a loita labrega, avante as Comisións Labregas!”.

A continuación, **Xoán Carlos Carreira Pérez**, *Calín*, membro dos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) dende o ano 1975 e colaborador do Sindicato até a actualidade, lembrou as épocas na clandestinidade e destacou as loitas na defensa de terra nos primeiros anos do Sindicato, reivindicando as Comisións Labregas como unha resposta ao contexto político e social do momento.



Bernardo Fernández Requeixo (de pé), primeiro Secretario Xeral do SLG-CCLL, abriu o acto conmemorativo, seguido da intervención de Xoán Carlos Carreira Pérez, Calín, (na imaxe da dereita) membro dos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) dende o ano 1975 e colaborador do Sindicato Labrego Galego até a actualidade.



María Ferreiro, gandeira e actual responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG.



Sonia Vidal e Xosé Ramón Cendán foron as encargadas de presentar o acto.

“Somos un sindicato formado por xente labrega para xente labrega”

A gandeira e actual responsable da Secretaría das Mulleres do SLG-CCLL, **María Ferreiro**, tivo un especial saúdo para Lidia Senra, a primeira muller en ocupar a Secretaría Xeral do SLG-CCLL (1989-2007), que non puido estar presente no día do aniversario por motivos de saúde. A continuación nomeou moitas das mulleres presentes nas loitas do Sindicato ao longo deste medio século: “se hoxe estou aquí, e outras moitas máis están aquí, é por estas compañeiras”. Ferreiro relatou os primeiros anos de toma de conciencia das labregas na organización, na súa discriminación como mulleres e como

profesionais, repasando o traballo feito no Sindicato para transformalo de xeito interno, e tamén na liña de loita, para asumir as reivindicacións das mulleres dende os feminismos.

O membro do Comité Coordinador da Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC) **Vítor Rodríguez**, tivo un especial recoñecemento para o papel fundamental do SLG-CCLL na construción da CEVC como plataforma para defender as loitas campesiñas, destacando a súa función determinante nas loitas en Galiza. “As organizacións da CEVC contamos co exemplo do SLG-CCLL e o seu patrimonio histórico para

seguir na loita contra a industrialización do medio rural europeo”.

A continuación, **Brais Álvarez**, apicultor e membro da Executiva Nacional do Sindicato Labrego, reivindicou este cincuenta aniversario como un día de celebración, de loita e para tecer vínculos e fortalecernos.

“Hoxe demostramos en Encrobas que a loita labrega está viva. Levamos 50 anos denunciando que as políticas capitalistas da Unión Europea, do Estado español e da Xunta de Galicia están estragando as nosas aldeas para botarnos delas e ocupalas coas súas infraestruturas e facer negocio”,

denunciou, subliñando que o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas é a mellor ferramenta de loita para defender un medio rural vivo: “somos un sindicato formado por xente labrega para xente labrega”.

Álvarez, unha das persoas máis novas da Executiva do Sindicato Labrego Galego identificou o Sindicato como unha organización que procura que a mocidade ocupe un papel destacado, establecendo mecanismos para escoitar a súa voz e tendo en conta as súas opinións, algo que para a organización é unha cuestión esencial no obxectivo de traballar por un medio rural vivo e con futuro.



Á esquerda, Vítor Rodríguez, membro do Comité Coordinador da Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC); á dereita Brais Álvarez, apicultor e membro da Executiva Nacional. Abaixo, Isabel Vilalba, actual Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego e gandeira e produtora de faba de Lourenzá, quen pechou o acto conmemorativo.



“Precisamos
saír deste
capitalismo
salvaxe se
queremos
ter un
futuro”

Por último, a actual Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego dende o ano 2012, a gañeira e produtora de faba de Lourenzá **Isabel Vilalba**, salientou que “é estratéxico defender a nosa alimentación, o noso territorio, a nosa paisaxe, en definitiva, un medio rural proveedor de vida”, poñendo en valor que “as labregas e os labregos somos unha parte fundamental da historia de cinco décadas de loitas agrarias, medioambientais e sociais de Galiza”.

Vilalba retomou o chama-

mento á unidade da xente labrega, obreira e mariñeira para defender o noso país, realizado no Fouce, voceiro sindical do SLG, no ano 1975. “Seguimos sendo imprescibéis para defender a nosa terra!”, sentenciou, “precisamos saír deste capitalismo salvaxe se queremos ter un futuro”.

A primeira parte da mañá pechou coa interpretación a violín do Himno Galego, a cargo de **Xabier Gómez Santiso**, extraballador e dinamizador do Sindicato Labrego Galego dende as súas primeiras décadas.



Interpretación a violín do Himno Galego, a cargo de Xabier Gómez Santiso.

Xantar, música e baile



Ao mediodía, partillamos un xantar labrego coordinado pola cooperativa agroecolóxica 'Co xeito de Gaia', e contamos, como non podía ser doutra forma, con música e baile para amenizar a xornada da man das Pandeireteiras das Encrobas, que actuaron ao remate do acto conmemorativo dos 50 anos do SLG a modo de sesión vermú.



Voces e experiencias da loita labrega



Belén Fervenza, vicerresponsábel de Sectores Vexetais do Sindicato Labrego. Abaixo, a horticulora de Encrobas María Pardo.



As actividades do 50 aniversario do Sindicato Labrego Galego retomáronse á tarde, onde tivo lugar unha mesa redonda arredor de experiencias da loita labrega, que contou coa participación da gandeira lucense **María Osorio**, a horticulora de

Encrobas **María Pardo**; a vicerresponsábel de Sectores Vexetais no SLG, **Belén Fervenza**; o responsábel do sector vacún de carne no SLG-CCLL, **Samuel Formoso**, e o responsábel do sector leiteiro no SLG-CCLL, **Manuel Villaverde**.



A gandeira lucense María Osorio durante a súa intervención na mesa redonda.



Samuel Formoso, responsábel do Sector Vacún de Carne do Sindicato Labrego.



O responsábel do Sector Leiteiro no Sindicato Labrego, Manuel Villaverde.

Queimada, Himno das Comisi3ns Labregas e m3is m3sica!

A derradeira parte da xornada conmemorativa dos 50 anos do Sindicato Labrego Galego-Comisi3ns Labregas que celebramos o pasado 23 de setembro en Encrobas, deu co-

mezo a partir das 19h cunha queimada e o recital do Himno das Comisi3ns Labregas.

A formaci3n musical “Tres p3s para un Suso” (composta polos m3sicos **Xos3 Constenla**,

Roberto Sobrado e **O Leo**), que interpreta pezas de Suso Vaamonde, foi a encargada de pechar con m3sica, sentimento, reivindicaci3n e loita unha xornada na que celebramos e puxe-

mos en valor que o Sindicato Labrego Galego-Comisi3ns Labregas, leva 50 anos construíndo futuro e loitando pola soberan3a alimentaria do pobo galego.



As labregas Carme Cabarcos e a Mar3a Pardo foron as respons3beis de ler o conxuro da queimada anticapitalista. 3 dereita, no momento de servila 3s participantes.



3 esquerda, O Leo; 3 dereita Roberto Sobrado, e abaixo Xos3 Constenla, os tres p3s que conforman a agrupaci3n “Tres p3s para un Suso”, que interpretan pezas de Suso Vaamonde e que foron os encargados de poñer fin ao acto de celebraci3n dos cincuenta anos do SLG en Encrobas o pasado 23 de setembro.



UXÍA GARCÍA DE BUCIÑOS ▶ Labrega en Tralaleira (proxecto agroecolóxico en Allariz, Ourense) e membro da Dirección Nacional e da Executiva do Sindicato Labrego (SLG)

"Entrar no SLG foi descubrir unha gran familia"



Uxía García de Buciños preto do local do SLG-CCLL, en Compostela, xusto antes de acudir a unha reunión da Executiva.

✓ **Hai pouco que celebramos os 50 anos do SLG nun acto moi especial en Encrobas no que ademais ti participaches moderando a palestras de voces labregas da tarde. Como te sentiches ese día?**

Foi un acto moi bonito e emotivo, sobre todo para as persoas que levan máis anos no Sindicato. Eu considérome moi nova na organización porque, como quen di, acabo de chegar. Para min entrar no SLG foi como descubrir unha gran familia. Hai persoas de moitos territorios diferentes e ves como hai conexións entre elas e é algo moi bonito. Tamén gosto moito de escoitar as voces das labregas e tamén as voces das persoas que colaboran e seguen a colaborar no Sindicato. Un dos momentos que máis me impresionou da celebración foi cando se falou dos Comités de Apoio á Loita

Labrega (CALL). Paréceme algo a recuperar.

✓ **Xusto hai un tempo, neste mesmo espazo, fixemos unha entrevista con Pepa Baamonde, personaxe importantísima na historia dos CALL.**

Si, lémbrome de ler. E tamén me emocionou moito escoitar ás compañeiras no acto do SLG. Por exemplo, a María Ferreiro, ou coñecer as voces de xente moi nova e potente como María Osorio. Por outra banda, tamén me gustou moito facelo nese lugar, en Encrobas, e escoitar as voces das mulleres que seguen a loitar por coidar a terra, como María Pardo.

✓ **Comentabas que non hai moito que te incorporaches ao Sindicato Labrego Galego. Cando foi?**

Na pandemia. Eu coñecía o Sin-

dicato dende hai máis tempo, pero incorporeime arredor de 2019. Non fun labrega sempre, dedicábame a outra cousa. Coñecín o Sindicato hai arredor de dez anos polas Aldeas Revoltas que se fixeran nas Corcerizas de Ourense. Eu andaba pensando en que facer para dedicarme ao territorio e creo que para min foi un punto de partida que me fixo pensar no Sindicato máis alá, porque vin persoas afíns e pensei que este podería ser un bo lugar. Antes, hai anos, xunto eu e outro rapaz iniciamos un proxecto silvo-pastoral nun monte comunal e, daquela, para nada coñeciamos ningunha das dúas o SLG e comezar un proxecto así sen ter persoas afíns que pensen na liña na que ti vas... se vas á cámara agraria estás vendida. Sería bo que moitas labregas que inician proxectos coñeceran o SLG.

“Sería bo que moitas labregas que inician proxectos coñeceran o SLG”

✓ **Agora formas partes da Dirección Nacional e da Executiva do Sindicato Labrego Galego. Dende cando? Fálanos do teu papel dende dentro da organización.**

Na Executiva acabo de entrar agora e na Dirección Nacional un ano antes máis ou menos.

✓ **E que tal o traballo dende dentro?**

Na Dirección Nacional, como son poucas reunións o ano, é máis asumíbel. Na Executiva está sendo algo máis custoso polo de vir até aquí [local nacional do SLG en Compostela] unha vez ao mes pola mañá, pero tamén porque aínda non coñezo ben a estrutura da organización e non sei moi ben cal pode ser o meu papel nela. Estou aínda atopando o meu lugar e iso creo que é máis custoso que para a xente que leva aquí dende máis tempo e que é moi veterana. Eu aínda estou aprendendo arredor do SLG.

✓ **E dende que te incorporaches á organización, en 2019, hai algún momento que lembres de maneira especial?**

Por exemplo, este último Encontro de Mulleres. Paréceme que estes encontros anuais son espazos moi necesarios e enriquecedores e creo que é moi potente o que se se fixo, moi medido, moi pensando e moi reivindicativo. Outra cuestión que me chamaba a atención xa dende fóra, antes de pertencer á organización, é o traballo que se está facendo cara á agroecoloxía e cara á visibilizar outras formas diversas de relación e de estar no mundo. Este lugar é amábel para todas. Outra das cousas que para min son especiais no SLG é como se coída dos actos e das actividades; pensando nos petiscos agroecolóxicos, coíndo os espazos, todo iso é algo que valoro moito, ao final estás coíndo do contorno e das persoas, e como organización é moi revolucionario.

✓ **Ti con que sector estás vinculada? Fálanos do teu proxecto actual.**

Co sector da horta. Tralaleira é un proxecto agroecolóxico que se enmarca dentro da alimentación sostida pola comunidade (C.S.A), que consiste en ter unha asociación de socias e labregas con relacións estables e compromisos a longo prazo. Somos 50 familias, das que sei os nomes de cada unha delas, fago cestas de hortalizas variadas durante todo o ano para familias de Ourense e Allariz. A idea é achegar a realidade do campo á cidade e que esas persoas veñan a coñecer de onde saen os seus alimentos, como se producen, que condicións laborais ten a labrega, porque iso é fundamental. É un modelo moi bonito. Hai un compromiso anual e outro de seis meses. Elas saben que van ter verdura producida dun xeito agroecolóxico durante ese compromiso e eu tamén sei que vou ter uns ingresos mínimos para poder vivir todo ese ano. Se hai perdas ou se hai excedentes repártense entre todas. É dicir, se eu teño excedente de tomate, pois nas cestas vai ir máis tomate, ou o que sexa. A cesta pechada é a

base para soste a viabilidade do proxecto porque elimina o concepto de prezo por produto e céntrase en valorar todo o proceso produtivo.

✓ **E de onde xorde esta idea de organizar así o traballo? En Galiza non hai moitos proxectos así.**

Aquí non, pero a nivel estatal e europeo si. É un modelo que vai ir collendo forza porque é benéfico tanto para as consumidoras como para as labregas.



O pasado 23 de setembro, en Encrobas, Uxía moderou a mesa redonda de experiencias da loita labrega, no marco do 50 aniversario do Sindicato Labrego Galego.

✓ **Comezastes co proxecto antes de entrar no SLG?**

Si. Este proxecto levaba dende 2017 pero con outro nome. Ante eramos dúas rapazas, e logo coa pandemia separámonos e eu seguí co proxecto e agora somos eu e máis 50 consumidoras.

✓ **E que tal a experiencia? Semella moi lindo o trato.**

A experiencia bonita, non te sentes tan soa. Podes adicarte a producir mellor e ter algo máis de tempo para outras cousas porque non tes que “perder” tempo en colocar no mercado os produtos. O que se produce, repártese. Non hai case excedente nin desperdicio de alimentos. Teño moito apoio das consumidoras. Facemos domingos labregos e elas veñen a traballar cando necesito, por exemplo, sacar patacas ou *boniatos*, meter cabazas, etc. Tamén facemos comidas comunitarias. É unha experiencia moi enriquecedora e, sobre todo, para facelas partícipes das cousas que pasan no campo porque

adoitan estar moi desvinculadas da realidade labrega.

✓ **Como funciona a distribución das cestas do teu proxecto?**

Hai un centro social en Ourense, que é A Galleira, e eu levo as hortalizas a granel cun listado do que vai en cada cesta e elas reparten as hortalizas. Fano elas. Eu simplemente levo as hortalizas. Elas fan todo e recollen tamén o diñeiro e logo danme.

✓ **Pensei que elaborabas ti as cestas.**

Hai un modelo de cesta individual, pero non son a maioría. Este modelo individual é para as persoas que non teñen moito tempo para estar nun grupo de consumo. Esta cesta é pechada. Fágoas eu e déixoas nunha tenda de barrio e elas vana buscar.

✓ **E ti comentabas que antes de entrar no mundo labrego traballabas doutra cousa. Pero na túa familia había persoas labregas?**

A miña avoa foi labrega. Ela faleceu cando eu era adolescente. Venme dela a herdanza de vincularme co territorio e co seu coidado. Na adolescencia, cando miña avoa e meu avó faleceron deixei a aldea e desvinculeime, logo, tamén, cando comecei a estudar imaxe e son e a traballar no cine.

✓ **Traballaches no cine! Agora segues vinculada?**

Sigo facendo pequenas cousas que me apetecen pero si que é

certo que este traballo non é compatíbel para traballar nun filme, pero si fago pequenos documentais e/ou elaboro pequenas cousas.

✓ **Mudando de tema, na actualidade coñeces a máis persoas da túa idade (ti es nova) que se dediquen tamén a traballar coa terra? Como ves o futuro do medio rural en canto ás máis novas?**

En Allariz temos un grupo moi bonito cun montón de labregas. Estamos agora iniciando un proceso para transformar unha asociación de produtoras e creo que xa é un paso para atraer a máis labregas. De feito, a través dos cursos que organizamos no SLG, hai varias persoas que se incorporan ao grupo e pensan, “pois igual non é tan duro isto do campo”.

En relación á comarca, si que vexo que hai futuro e penso que tamén é moi importante *facer piña* onde vives. Eu noto que con este grupo de produtoras non me sinto soa e compartimos espazos con outras labregas. Sentese como que a túa voz colle máis peso. Unha persoa soa pode estar rumiando nos seus proxectos, ideas sobre as condicións laborais, os prezos das cousas, etc, e sempre queda como no mundo das ideas, e non é fácil trasladarlle a outra xente que non ten esa vinculación co campo. Pero cando te xuntas con este grupo de produtoras podes expoñer o que está rumiando na túa cabeza.

É unha ferramenta moi interesante para que esa voz saia noutros espazos e que teña máis peso. Tamén temos un grupo de supervisión de horta. Montámolo hai dous anos e somos tres produtoras que nos xuntamos cada mes nos espazos da horta de cada unha e vemos como está producindo cada unha e que erros temos. Logo falamos sobre o futuro e sobre como queremos orientar as producións, os prezos, compartiamos pedidos, etc. Hoxe na xuntanza da executiva do SLG non son eu soa, somos todas.

CÁNDIDO IGLESIAS TURNES ▶ Gandeiro da parroquia de Cabanas (A Baña). Foi unha das persoas que participou na fundación das Comisións Labregas a comezos dos anos setenta

"Se algún sindicato se distingue por defender a xente é o noso"



Este verán visitamos a granxa de Cándido Iglesias Turnes, na parroquia de Cabanas (A Baña), pertencente á comarca de Barcala, e fíxonos unha excelente visita guiada.

✓ Cándido, cando comezaches a estar vinculado co SLG?

Remontándonos á orixe do SLG, como naceu na clandestinidade, traballouse en distintos puntos, e un deles foi a Escola de Capacitación Agraria de Guísamo. Antes de existir o SLG a xente que asinou a acta fundacional, que eu fun un deles (creo que eramos sete) alá polo ano 1972, como eran tempos difíciles, nos que non había liberdade sindical, fixemos unha Asociación Agraria Galega (AGA). Ese foi o primeiro período. Comezou a moverse a xente, un deles era Ramón Muñiz. Era un sociólogo, profesor da Escola de Capacitación Agraria e tiña encomendado colaborar coas axencias de

extensión agraria. El, Turnes, Costoya, Tobío, dos que eu coñezo...comezamos a espallar o Sindicato a través das extensións agrarias formando as Comisións Labregas de Galiza. Estou orgulloso de participar nelas. Por min, polas labregas e polos labregos, por Galiza.

✓ Que recordas da propaganda sindical naqueles primeiros anos?

Despois comezouse tamén cos dípticos. Lembro que á saída da misa apareceron panfletos tirados nas portas das igrexas e lembro que houbo xente que dixo, entre eles meu pai: "aínda non morreu Franco e xa están os republicanos aquí outra vez".

E pensaba eu, mira ti quen os tirou, o teu fillo! (riso).

✓ E do Fouce?

O Fouce había unha estratexia para repartilo, nunca viña do mesmo sitio. O meu enlace era Turnes. Un día viña co enderezo de Betanzos, e logo con outro. Esa era a estratexia. Logo foron avanzando eses anos de Sindicato e no 1977 xa se legalizou e comezaron as loitas organizadas.

✓ Que loitas lembrás dende aquela?

A primeira que recordo foi a da Cota Empresarial. O lema era: "Nós non somos empresarios fóra a Cota Empresarial". Era un

tema sobre todo de liberación política. Doutra banda, unha cuestión importante foron as colaboracións. Nós tiñamos colaboradores e, aínda que pareza mentira, os nosos sitios de reunións eran as casas dos curas e das monxas. En Santiago había unhas monxas moi progresistas, as da Lareira. O cura do Castiñeiriño deixábanos a porta aberta e reuniamonos alí. Estamos falando da clandestinidade. Esa foi a primeira entrada no Sindicato Labrego Galego. Eu creo que se algún sindicato se pode distinguir por defender a xente é o noso. Unha das cousas das que máis orgulloso me sinto, xa o comento sempre, é de facer algo na clandestinidade

“Unha das cousas das que máis orgulloso me sinto é de pertencer ao Sindicato Labrego Galego, porque sempre estivo na defensa do rural e segue estando”

e de pertencer ao Sindicato Labrego Galego, porque sempre estivo na defensa do rural e segue estando.

✓ Cales son as actividades nas que estiveches máis vinculado dentro do Sindicato Labrego Galego?

Eu estiven vinculado na creación. Logo houbo loitas moi fortes, como as do leite, no tema das Encrobas (aquela foi unha loita moi forte), e agora estamos co tema dos eólicos e a minería. Son dous temas moi preocupantes nos que agora estou eu e tamén o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas.

✓ Estás xubilado, pero como acabas de dicir, segues involucrados en loitas.

Xa teño máis ou menos dito como quero ser enterrado, e quero ser enterrado civilmente e quero morrer loitando pola defensa da terra. Lembro nunha conversa cun xornalista que me dixo "pero a estás alturas aínda estás coa loita?", e dixeron: "loitarei por Galiza até que morra". E así o teño recollido. Eu boto de menos que a xente nova sexa máis activa sindicalmente, pero tamén teño esperanza porque por exemplo no último congreso nacional, vin moita xente nova incorporada ao Sindicato Labrego Galego (SLG-CCLL) e cheguei contento. Vexo que hai xente nova que se incorporou ao sindicalismo.

✓ E cales cres que son as ferramentas ou como facemos para que a xente nova se involucre máis nestas loitas?

É un tema complicado. Eu pertenzo agora a Fonte Seca que é unha organización para a defensa da terra contra a eólica, e hai xente nova. A situación do campo cambiou totalmente. E eu sempre digo, algún día ides botar de menos o Sindicato porque as organizacións pérdense e desfázanse e despois as sorpresas son como buitres, onde ven un oco métenche o gancho e como non esteas organizado...

✓ Conta algunha anécdota que teñas en mente.

Anécdota para o bo e para o malo foi a de Negreira da Manifestación da Cota empresarial onde se mobilizou toda a comarca cos tractores. Houbo discusións fortes e tivemos que marchar cos tractores para Santiago. Daquela non había teléfonos e non podíamos avisar á xente para que fora para Santiago... foi así a cousa máis forte que sentín. Logo anécdotas do SLG se nos poñemos a contar historias hai un montón delas. Lembro outro momento no que iamos a Santiago en manifestación cos tractores e nós entrabamos polo norte, pola zona de Vista Alegre; e os da zona de Negreira e Brión e Ordes entraban polos outros puntos cardinais. Había un afiliado que tiña moito carácter (era de Rois), entón o

policía mandouno parar. El non parou. Entón o policía botou a man á cabina e subiu ao tractor, despois el pechou a porta e os dedos...como berraba aquel home! Creo que eran 3000 euros de multa daquela.

✓ Outra historia máis que teñas en mente?

Outra anécdota foi cando estábamos no Romaño, e entrabamos pola zona do Val do Dubra e Carballo, Barcala e Santa Comba. Tamén nos pararon. Entón un rapaz, que tiña moito carácter tamén, díxolles aos policías: "sodes 4 matados", e o tipo sacou a arma e púxolla diante para que non pasara. Pola zona de Vista Alegre, parabamos sempre no barrio do Pombal, que era un barrio famoso en Santiago. Eu estaba pechando, poñendo un tractor de lado, para que non pasaran os

vehículos na manifestación. Logo veu un policía e coa pistola petoume no cristal do tractor. E entón eu díxenlle, "ten educación e garda iso, que non fai falta pistola". Daquela o policía, que era un tipo bastante novo, pediume desculpas e díxome: "perdoa, vimos de Asturias e mira como traemos as pernas, cheas de pedradas e vimos un pouco queimados".

✓ E ao teu compañeiro Mariano Pazos Currais (xa que estades aquí os dous esta mañá), como vos coñecestes?

A través de política. Eu fun nas listas do Bloque aquí en A Baña, Mariano naqueles tempos creo que andaba pola emigración e logo veu e metémonos no grupo. Foi concelleiro. E logo Mariano meteuse tamén no Sindicato Labrego e o Sindicato xa foi a casa común de todos.



Algunhas das vacas da granxa de Cándido Iglesias en A Baña (comarca da Barcala).

“Quero morrer loitando pola defensa da terra”

Leite Río ▶ O SLG traslada as súas consideracións ao respecto da carta aberta feita pública o 9 de novembro pola Sra. Carmen Lence a través do seu perfil nun portal de emprego

Leite Río segue reafirmándose nos seus ataques e desprezo polo sector produtor

O pasado 20 de outubro finalizou o foro “Ganaderas con actitud Río” do Grupo Lence, no medio de baixadas do prezo do leite ás granxas por parte desta industria láctea, é dicir, acompañado por unha desvalorización do traballo realizado polas propias gandeiras e gandeiros que producimos leite no noso país.

Río, a primeira empresa galega en volume de recollida cun total de 280.000 toneladas, é perfectamente consciente de que a súa estratexia de mercado marca tendencia ao resto de industrias, polo que, canda as súas ofertas á baixa, chegarán tamén as das demais industrias lácteas.

Como industria láctea galega, que ademais só poderá seguir existindo como tal na medida na que en Galiza siga habendo persoas produtoras, o seu comportamento pode ser cualificado de irresponsábel. Como empresa, a tenor da súa recente estratexia publicitaria «Actitud



Campaña de denuncia, organizada este verán polo SLG, sinalando industrias lácteas que forzaron baixada dos prezos do leite.

Río: puro coraje» -na que se enmarca o devandito foro-, a súa imaxe e comunicación externa ben pode se cualificada hipócrita, salvo que a coraxe á que se refiren sexa a necesaria para facer fronte a industrias como Leite Lence.

O Grupo Leite Río está a executar un política agresiva de prezos, nun contexto no que os insumos e custos de produción

seguen sendo moi altos, e sen que se aprecie un descenso significativo do prezo de venda ás persoas consumidoras nin haxa xustificación en relación a outros mercados, como o europeo.

Esta falta de compromiso co sector é moi rechamante, impedindo unha remuneración xusta para as persoas produtoras ao tempo que a propia Carmen Lence, nas súas manifestacións

públicas, non só alardea do papel que as mulleres gandeiras representan para o futuro do medio rural, senón que mesmo fai apenas uns meses declarou que o prezo do leite debería percibir subidas, se ben logo O Grupo Leite Río foi unha das empresas que levou ao descenso de 10ct./l. de media no prezo do leite dende xaneiro até agora.

Condieracións do SLG respecto da carta publicada o 9 de novembro pola Sra. Carmen Lence

Primeiro.- Ao mesmo tempo que Carmen Lence facía actos nos que afirmaba o seu recoñecemento ás mulleres gandeiras, as granxas estaban a recibir propostas de baixadas de prezo de Leite Río.

Segundo.- Que aínda que hai uns meses a propia Carmen Lence (aí está a hemeroteca) declarou que o leite nas granxas tiña que manterse ou subir, o leite pagado ás gandeiras e aos gandeiros galegos estivo baixando de prezo continuamente, tamén ás persoas gandeiras que lle venden a Leite Río.

Terceiro.- Que foi das empresas máis agre-

sivas en tirar para abaixo os prezos de cesión do leite á distribución, e polo tanto, ao final da cadea dos ingresos das gandeiras e dos gandeiros.

Cuarto.- Que a aposta de Leite Río pola marca branca foi nefasta para as gandeiras e os gandeiros galegos. Ao final supuxo unha competencia por tirar os prezos do leite á baixa, romper a fidelidade dos consumidores a marcas nas que estaba máis clara a orixe e condicións de produción. O leite UHT e a marca branca de distribución facilita meter leite de outros países e enganar á per-

soa consumidora.

Quinto.- Que entendemos que, como di a súa filosofía, como empresaria pretende obter os máximos beneficios para a empresa, pero non para "todos", pese o que di. **Sexto.-** Que hai meses que lle pedimos unha entrevista, pero que non foi posíbel. Que nunca dixemos que houbo ningunha negociación con Leite Río porque niso cremos que ten razón. O Grupo Leite Río, como en xeral a industria láctea, impón prezos e condicións unilateralmente, coa pasividade da administración.

PREZO DO LEITE ▶ A enerxía e a alimentación animal acomodáronse nos custos máis altos dos últimos anos, mentres o prezo do leite segue baixando

Lembramos ao Ministerio a urxencia de ter en conta os prezos do leite para calcular as marxes de beneficio


Cómpre vixiar que a visión triunfalista do Ministerio non sexa empregada polas industrias para baixar máis o prezo do leite

O pasado 3 de novembro, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación mantivo unha xuntanza cos representantes da mesa sectorial de vacún na que afirmaron que a existencia dunha estabilización dos custos enerxéticos e de alimentación, en alza continua nos últimos anos, supón unha “mellora das marxes da actividade produtora” no sector leiteiro.

Porén, o Ministerio eludiu abordar unha cuestión esencial: o prezo o que se paga o leite ao sector produtor, e tamén outra consideración a ter moi en conta para entender a realidade do sector: as diferenzas de prezos existentes nas distintas zonas, así como entre as granxas grandes e as pequenas.

Como alertamos en reiteradas ocasións dende o SLG, en Galiza as industrias lácteas están a impor unha baixada dos prezos pagados ao sector produtor, na cal a empresa galega con máis recollida no noso país, o Grupo Lence/Leite Río, en sintonía coa liña de ofertas á baixa realizada pola multinacional Lactalis -que sendo a empresa con maior volume de recollida de leite acumula grandes baixadas de prezo dende a primavera-, adoptou un papel significativo.

O prezo máis baixo do Estado
Ademais, malia que as nosas



Mapa extraído da páxina 28 do estudo 'Situación de mercado vacún de leite'.
Reunión sectorial vacuno de leite 2 de noviembre de 2023.
Publicación realizada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

granxas son as principais produtoras a nivel estatal, están percibindo o prezo máis baixo polo leite de todo o Estado, sendo o único territorio que está por baixo dos 50ct/l. Segundo informou en novembro o Ministerio, actualmente o prezo medio de compra ás gandeiras/os galegas é de 0,47ct/l. fronte aos 0,52 ct/l. que perciben as de Asturias ou Valencia.

Por outra banda, e como tamén subliñamos acotío, estas empresas favorecen a imposición do modelo agroindustrial e penalizan o modelo de pequena e mediana granxa leiteira, precisamente aquela que fixa poboación e máis aporta para o mantemento dun medio rural vivo, sendo o modelo maioritario no noso país.

Con este escenario comercial, o coordinador do sector leiteiro no Sindicato Labrego

Galego (SLG), Xulio Fernández, considera “moi pouco prudente a valoración triunfal realizada polo Ministerio”, tendo en conta que “neste momento a maioría de industrias suman un novo anuncio de baixada de prezos nos seus contratos de leite, mentres seguen a destruír o prezo ao que lle ofertan produtos á distribución e no lineal dos supermercados”, e advirte: “a análise segada do Ministerio pode ser empregada polo tanto polas industrias para seguir agravando esta baixada”.

Ademais, lamenta Xulio Fernández, coordinador do sector leiteiro do Sindicato Labrego Galego, que “tería sido de utilidade que o Ministerio publicase índices de custos coa mesma rotundidade cando o sector o precisaba para combater os malos prezos que a industria láctea estivo pagando”.

Os datos do Ministerio

Afondando no feito de se os indicadores apuntados polo Ministerio son realmente aqueles para concluír que existe unha suposta mellora na marxe de beneficio do sector produtor, dende o SLG-CCLL consideramos que, tratándose os custos enerxéticos e de alimentación animal de dous recursos extremadamente condicionados pola incerta situación xeopolítica mundial, non resulta responsábel apoiarse tan rotundamente nuns datos tan sensíbeis ás variacións e fóra do control público.

Por outra banda, afonda Xulio Fernández, “desconfiamos de que realmente se estea a dar unha estabilización de prezos, posto que á xa mencionada incerteza dos mercados globalizados dos que somos prisioneiros, tamén sumamos factores endóxenos como os provocados polo cambio climático, a seca, os ataques de pragas a cultivos -como o verme do millo ou o dos prados-, o virus da Enfermidade Hemorráxica Epizootica e outras que estamos a sufrir día a día, e cada vez con maiores perdas e maior intensidade”.

Alén diso, na súa optimista visión o Ministerio tampouco está a ter en conta o incremento de custos derivado da aplicación das novas normativas e dixitalización da totalidade do sector, xa inminentes, e que non repercutirán en melloras nos beneficios económicos nin produtivos das granxas, saíndo prejudicadas de xeito diferenciado precisamente as pequenas e medianas granxas familiares.

VESPA VELUTINA ▶ O SLG convocou unha mobilización o mércores 11 de outubro en Lugo, diante do edificio administrativo da Xunta de Galicia

Reclamamos un plan de choque contra a Velutina

Malia o patente agravamento nestes últimos anos, a Xunta segue sen asumir as súas competencias fronte a esta especie invasora

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas convocou o mércores 11 de outubro unha concentración en Lugo (diante do edificio administrativo da Xunta de Galicia) para esixir a Administración galega que asuma as súas responsabilidades e poña en marcha de xeito inmediato medidas efectivas na loita contra a Vespa Velutina Ni-grithorax.

Dende a entrada no país da Vespa Velutina, hai xa máis de 10 anos, a Xunta nunca asumiu as competencias na loita contra as especies exóticas invasoras. Non elaborou un plan de actuación galego para a detección, control e/ou erradicación da Vespa velutina, nin executou o establecido na Estratexia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Cada vez destínanse menos recursos e hai maior demora na retirada de niños, chegando á intolerábel situación de que persoas a nivel particular se vexan obrigadas a retirar elas mesmas os niños, expoñéndose a graves riscos para a súa saúde. A Xunta de Galicia nin sequera asumiu a súa responsabilidade en algo tan básico como é o establecemento dun protocolo para o trampeo de captura de raíñas.

Con todo isto, o tártago asiático está a ter unha expansión exponencial por todo o territo-



O mércores 11 de outubro manifestámonos diante da Xunta de Galicia, en Lugo, para esixirle con urxencia un plan de loita contra a Vespa Velutina en Galiza xa.



Apicultoras e labregas do SLG-CCLL vestiron as roupas de traballo diante da Xunta. Abaixo, o apicultor e membro da Executiva Nacional do SLG, Brais Álvarez, declarando diante dos medios de comunicación o acontecido coa Velutina en Galiza.



Dende a entrada no país da Vespa Velutina, hai xa máis de 10 anos, a Xunta nunca asumiu as competencias na loita contra as especies exóticas invasoras

rio galego, con consecuencias nefastas, que van dende perdas na apicultura e estragos nas producións de froita e uva, até o lamentábel ben coñecido perigo para as persoas.

Expansión incontrolada

Por máis que dende o Sindicato Labrego Galego e outras entidades sociais levamos anos advertindo continuamente á administración da ameaza que supón a propagación sen control desta especie invasora, a Xunta segue a facer oídos xordos e a mirar para outro lado. Estamos falando dunha situación de saúde pública moi grave, na que xa se teñen sucedido varias mortes, precisamente pola falta de resposta da Administración cando se notifican os niños.

A expansión incontrolada da velutina non só afecta á produción de alimentos e á saúde das persoas, senón que tamén supón un problema medioambiental con consecuencias nefastas para a biodiversidade.

MANIFESTO CONTRA A VESPA VELUTINA

Hai máis dunha década chegonos á Galiza outra praga da man da globalización e de todas as prácticas que promoven as institucións públicas para beneficio das grandes corporacións e que son totalmente contrarias á produción labrega e local: **A Vespa velutina nigrithorax**. A pesares de estar clasificada como “especie exótica invasora” no estado español, dende a Xunta de Galicia, lonxe de asumir as competencias que ten atribuídas nesta materia, non houbo ningún movemento significativo para o control desta especie. **A velutina adaptouse perfectamente ás condicións do territorio galego e expándese sen control**, constituíndo unha ameaza importante para distintos ámbitos da nosa vida cotiá:

En primeiro lugar supón unha merma importante na produción de alimentos, afectando gravemente á produción apícola, de froita e de viño. Cando hai unha gran presenza de avespas, a froita e a uva sofren danos importantes quedando inservíbeis para a comercialización ou a transformación. Nos apiarios, as colmeas colapsan chegando a mortandades moi elevadas, que fan inviábel a continuidade dos apiarios, chegando a poñer en perigo a incorporación de persoas mozas á actividade agraria. **Tamén é un grave perigo para a saúde das persoas debido á alta presenza de niños, especialmente en núcleos de poboación, aparecendo incluso dentro das vivendas ou nas súas inmediacións.**

No aspecto laboral o risco é plausíbel dende hai anos, tanto nos traballos forestais como nos agrícolas, complicando en gran medida a realización de certas tarefas durante o verán e o outono. **A nivel medioambiental** a afectación non é menor producindo unha diminución drástica na biodiversidade, por predación dalgunhas especies de insectos e por competencia polo nicho ecolóxico con outras moitas. Ante todo isto, **a Xunta de Galicia optou por quedar de brazos cruzados tentando botar responsabilidades sobre outras administracións**. Asinou convenios cos concellos para a retirada dos niños, pero sen dotación dos recursos necesarios. E tivo un papel moi residual no financiamento e promoción da investigación científica.

Durante todos estes anos, por medio de distintas organizacións e plataformas, foron trasladadas ao Goberno galego as necesidades arredor deste tema, chegando tamén ao Parlamento de Galicia sen que tivese a máis mínima repercusión. Neste tempo o desleixo da administración e o abandono sufrido polas persoas produtoras fixo xurdir numerosas propostas para a diminución da presión das avespas nos apiarios. Con moitas luces e sombras no proceso. Un proceso que tería sido moito máis efectivo se existise un protocolo de loita elaborado mediante a coordinación da Xunta de Galicia coas organizacións agrarias, as universidades e as distintas administracións involucradas.

Neste 2023, **o Sindicato Labrego Galego xa avisou á Xunta de Galicia que ía ser un ano de gran expansión da Vespa Velutina**. Xa que “os abelleiros e abelleiras detectaron unha elevada presenza de velutinas na súa rede de trampeo primaveral. Este elevado número de raíñas na primavera e a presenza tan temperá nos apiarios, facía presaxiar que sería un ano especialmente complicado en canto á existencia de niños de Vespa velutina, con consecuencias que

poden ser devastadoras”. Isto foi trasladado á Consellaría do Medio Ambiente á Consellaría do Medio Rural en sendos escritos, onde se enumeraban as nosas propostas e se solicitaba unha xuntanza de urxencia.

Ademais **foi exposta a situación no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible do 19 de xuño e no Consello Forestal de Galicia do día 23 de xuño**. Lonxe de escoitar as demandas da sociedade, a situación continuou a agravarse. Por parte da Consellaría de Medioambiente, Territorio e Vivenda, que é quen obستا as competencias na materia, nin sequera se dignaron a contestar. Dende a Dirección Xeral de Gandeiría, derivaron as responsabilidades no control da Vespa velutina á citada Consellaría de Medioambiente e á Secretaría xeral técnica da Vicepresidencia segunda a través da empresa SEAGA. No tocante ao Progamma de vixilancia e control fronte á velutina, ademais de suprimir a atención persoalizada na recepción telefónica dos avisos, podemos constatar que **a retirada dos niños se estivo a producir con alomenos 2 meses de retraso dende que se producía o aviso**. Debido en boa parte ao pouco persoal contratado, quedando as persoas traballadoras en situación de precariedade, cun gran número de niños sobre os que actuar diariamente en longas xornadas de traballo.

Cómpre preguntarlle á Xunta de Galicia que sae máis económico, dotar de orzamentos para esta tarefa ou mobilizar os dispositivos de urxencias para a atención sanitaria e as hospitalizacións? Ou podemos incluso cuestionar canto vale para eles unha vida humana? Por todo isto demandamos que a Xunta de Galicia asuma as competencias na loita contra a Vespa velutina nigrithorax. **E esiximos:**

- Que se elabore un Plan galego para a detección control e/ou erradicación da Vespa velutina nigrithorax.
 - Que se fomente a investigación sobre o ciclo biolóxico e comportamento da Vespa velutina nigrithorax en Galiza. Así como das ferramentas de trampeo, tipos de trampas e atraentes, máis efectivos e menos perxudiciais para outras especies.
 - Que se priorice o trampeo e a actuación anticipada sobre os niños primarios, fronte á retirada de niños secundarios. Que se estableza un protocolo e un plan coordinado coas distintas consellarías, a FE-GAMP e os concellos.
 - Que se dote de recursos suficientes para a retirada de niños secundarios.
 - Que se habiliten axudas específicas para a prevención dos ataques nos apiarios, para minimizar as perdas de produción polo ataque do tártago (Vespa velutina nigrithorax).
 - Que se preveña a posibilidade de habilitar axudas polas perdas ocasionadas por esta especie, no caso de ser necesarias.
 - Que se consideren as baixas ocasionadas pola Vespa velutina nigrithorax como causa específica de forza maior contemplada nos criterios de excepcionalidade que eximen do reintegro das axudas percibidas, tanto nas “Axudas á incorporación de persoas mozas á actividade agraria”, como nas “Axudas Agroambientais da PAC”.
- Basta Xa!! Velutinas nunca máis!!

Enlace á lectura no vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=2P2ZbVQHk4&t=300s>



EHE ▶ Demandamos máis información ao sector, investigación pública, medidas preventivas e máis rapidez no servizo veterinario oficial

Aumentan as perdas por mor da EHE, esiximos á CMR axudas que cubran a totalidade de custos

Iniciamos unha campaña de recollida de datos nas granxas ante a posibilidade de que a CMR estea a minimizar o impacto da EHE

Nos últimos meses estase dando un incremento de casos da Enfermedade Hemorráxica Epizootica (EHE) nas granxas galegas de gando vacún.

A Consellaría do Medio Rural réstalle gravidade a esta enfermidade aludindo a unha baixa incidencia, malia que o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas tenlle advertido das perdas que se están a producir nas granxas, moitas delas xa de por si nunha complicada situación económica por mor do ascenso de custos de produción e/ou descenso do prezo do leite, no caso do sector lácteo.

Axudas para o sector

Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas esiximos que a Consellaría asuma as súas responsabilidades e estableza unha conversa co Ministerio de Agricultura a fin de habilitar axudas para compensar o sector, completando con partidas autonómicas aquelas contías non cubertas polo Goberno central.

Estas medidas de apoio ás granxas deberán abordar non só a compensación por animais mortos, senón tamén todos aqueles custos asociados á morte ou morbilidade animal, tales como o lucro cesante, os servizos e tratamentos veteri-

narios, o sacrificio ou as medidas de desinsectización.

Medidas preventivas

Dende o Sindicato Labrego pedímoslle ao conselleiro que non xogue a enganar o sector dando a entender nos medios de comunicación públicos que se vai activar unha axuda para paliar as mortes de animais pola Enfermedade Hemorráxica Epizootica (EHE), cando na realidade o programa de axudas ao que alude é un procedemento xeral xa existente, e polo tanto, non unha medida específica para facer fronte á Enfermedade Hemorráxica Epizootica.

A Consellaría do Medio Rural debe tamén proporcionar máis información ás gandeiras e aos gandeiros, así como dinamizar a consecución de fondos para proxectos de investigación pública que axuden a desenvolver



Actualización da situación da Enfermedade Hemorráxica Epizootica (EHE) nas comarcas do estado español (mapa extraído dun informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación datado do pasado mércores 22 de novembro deste 2023).

medidas preventivas para este tipo de novas enfermidades no gando. De xeito urxente, a Consellaría do Medio Rural debería realizar as xestións oportunas

para axilizar o servizo veterinario oficial, xa que o aumento do número de casos require dun número maior de persoal para facelo.

Campaña do SLG para a recollida de datos

Como sinalamos a finais de setembro, constamos unha falta de información e transparencia por parte da Consellaría de Medio Rural (CMR) ao respecto desta nova enfermidade nas granxas gandeiras. Obviando a crecente intranquilidade nas granxas, o conselleiro José González Vázquez segue sen contar cos axentes do sector nin activar medidas para dar unha resposta inmediata.

Dende o Sindicato Labrego Galego iniciamos a finais de outubro unha campaña de recollida de datos nas distintas comarcas a fin de concretar o grao de incidencia da EHE na cabana gandeira, así como todas aquelas perdas económicas derivadas da mesma, que como sinalamos van dende o lucro cesante por perda de produción ou a afección na

capacidade reprodutiva -tanto en leite como en carne-, até os servizos veterinarios, sacrificio de animais, medicamentos ou de insectantes, gastos que as gandeiras e os gandeiros están tendo que afrontar en solitario.

Paralelamente á recollida de datos de incidencia da Enfermedade Hemorráxica Epizootica, valoramos a posibilidade de iniciar mobilizacións fronte a Consellaría do Medio Rural, tendo en conta a preocupación ao respecto de que a ineficacia da Consellaría de Medio Rural con esta problemática acade o nivel de desleixo amosado co da lingua azul, enfermidade transmitida precisamente polo mesmo mosquito que a Enfermedade Hemorráxica Epizootica.

VERMES ▶ Condenamos a inacción da Consellaría do Medio Rural, ausente unha vez máis ante unha nova praga que está a ameazar as producións de alimentos

Urximos á CMR a actuar fronte a praga de vermes que leva meses afectando pradeiras e cultivos

Cómpre un seguimento por parte das Oficinas Agrarias Comarcais, información e axudas económicas para as granxas

A finais de outubro, o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) urxíu á Consellaría do Medio Rural (CMR) a actuar de xeito inmediato para proporcionar información e activar medidas para facer fronte á praga de vermes que leva meses afectando a cada vez máis comarcas do noso país, até espallarse polas catro provincias.

Cómpre que persoal técnico da Consellaría informe canto antes ás persoas afectadas para facerlles chegar as pautas máis axeitadas para combater esta praga que está a causar importantes danos sobre pradeiras e cultivos.

Estamos a constatar o avance acelerado da mesma, que xa afectou gravemente a concellos costeiros como A Mariña de Lugo, a Costa da Morte, pero xa está a causar importantes perdas noutros concellos do interior como Cesuras, o Deza, Boimorto e distintos puntos da xeografía galega. Son xa tan cuantiosas as perdas que dende o SLG-CCLL instamos á Xunta de Galicia a habilitar as medidas de apoio ás granxas afectadas.

Asemade é imprescindible que dende as Oficinas Comarcais Agrarias se realice un seguimento exhaustivo para elaborar un rexistro de danos, así como que a Consellaría



Exemplar do verme defoliador dos prados (*Mythimna unipuncta*).

aclare de que tipo de verme ou especies de verme se trata e identifique cales foron as causas da súa aparición, co obxectivo de realizar unha abordaxe o máis completa posíbel para pór fin a esta praga.

Preocupación crecente

A preocupación é crecente. Xa se están vendo este tipo de vermes nas inmediacións das estradas e das casas. Cóstanos tamén que varios concellos se dirixiron á Consellaría do Medio Rural (CMR) para que aborde esta problemática dende distin-

tos ángulos a fin de frear a súa expansión. Trátase polo tanto dunha praga que está a crear unha certa alarma social, e fronte á que novamente a Consellaría está a demorar a súa resposta, agravando as súas consecuencias.

Por todo iso, instamos á Consellaría do Medio Rural a habilitar un seguimento técnico con urxencia desta praga de xeito inmediato, proporcionar información, establecer pautas de actuación e habilitar medidas de apoio para as granxas afectadas.

Se tes perdas económicas por mor do verme das pradeiras contacta co teu local do SLG. Estamos a realizar unha campaña de denuncia e pedindo a Medio Rural que active unha liña de axudas específicas!

TERNERA GALLEGA SUPREMA ▶ Produtores e produtoras explicaron en rolda de prensa en Lugo os prexuízos da industrialización da IXP TG Suprema

Opoñémonos á obriga de acortellar a Ternera Gallega Suprema e finalizar a súa alimentación con penso

O 0,1% de posíbeis casos de menor engraxamento non pode xustificar pechar os animais e alimentalos con concentrados

Acompañados pola Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, gandeiras e gandeiros afectados explicaron na mañá do luns 20 de novembro en rolda de prensa en Lugo as consecuencias que para as granxas de vacún galegas tería a confirmación da obrigatoriedade de acortellar os xatos que se sacrifiquen con máis de 8 meses de idade. Esta modificación das condicións da IXP Ternera Gallega deixaría fóra da marca a todos os xatos que rematan a súa alimentación ao aire libre. O Sindicato Labrego Galego foi a única organización que votou en contra da introdución desta obriga.

Incongruentes motivos

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego chamou a atención sobre o incongruente dos motivos empregados para aprobar esta modificación, que mesmo van na contra do obxectivo da UE de acadar un 25% de superficie agraria útil en ecolóxico para o ano 2030. Por unha banda, quen votaron a favor deste cambio argumentan que queren homoxeneizar a carne de animais criados en liberdade en base a pasto coa de animais pechados alimentados con concentrados, o cal, como tamén subliñaron as persoas gandeiras que acudiron a dar a súa ex-



Gandeiras explicaron en rolda de prensa os prexuízos da industrialización da IXP TGS.

periencia, tendo en conta a sensibilidade crecente das consumidoras con respecto aos modelos de produción alimentar, redundaría nun empeoramento da imaxe da propia marca Ternera Gallega Suprema.

Por outra, o exíguo 0,1% que apuntan que podería representar a porcentaxe de canais que arestora non acadan os estándares de engraxamento desta marca, acouta unha cantidade tan residual que claramente

non xustificaría unha modificación de calado como sería obrigá-la a todas as produtoras e produtores a acortellar nos últimos meses.

Unha modificación negativa para o benestar do sector

Outra cuestión salientábel é até que punto é realista que as granxas podan adaptar as súas instalacións incorporando as infraestruturas que requiriría a obriga de acortellamento. Non só moitas delas non poderían

afrontar os gastos derivados destas construcións, senón que precisamente a súa localización en contornos naturais -como por exemplo na Rede Natura-, ou a articulación de terras propia do noso país, en base ao minifundio, imposibilitaría a súa instalación.

Alén da falta de consistencia dos argumentos esgrimidos, as produtoras e os produtores que alimentan ao seu gando en modelo extensivo, ao aire libre e en base a pasto téñeno claro: os beneficios a nivel medioambiental, de benestar animal e condicións laborais e aforro de custos para as persoas gandeiras son obvios e irrefutábeis.

Tamén a nivel de certificación esta modificación da IXP Ternera Gallega Suprema é negativa para o sector. Aquelas producións dentro desta marca certificadas tamén en ecolóxico -onde se require a saída a pastos dos animais-, veríanse na obriga de decidir con cal das dúas marcas queren comercializar o seu produto.

Demandamos solucións que paralicen a viraxe industrial da IXP TG

Actualmente xa existen uns indicadores de calidade que permiten clasificar un canal de carne como Ternera Gallega Suprema. Dende o Sindicato Labrego Galego cuestionámonos: se as granxas levan dende a creación de TG Suprema -hai décadas- acadando eses indicadores cunha alimentación saudábel en base a pasto e prácticas medioambientais sostíbeis, que motivo xustifica que se lles obrigue a alcanzar eses mesmos indicadores que xa cumpren, pero acortellando e alimentando con concentrados, cun maior impacto medioambiental, aumento de custos e en detrimento do benestar animal?

No Sindicato Labrego Galego continuaremos avanzando na campaña de información e sensibilización ás persoas consumidoras, articulando ao sector para demandar solucións que paralicen esta viraxe industrial da IXP Ternera Gallega e, canda as nosas organizacións agrarias aliadas na UE, traballaremos a nivel das institucións comunitarias para que non se produza este cambio de paradigma que pretende agasallar o prestixio do bo facer labrego ao modelo agroindustrial, coa complicidade das industrias, os cebadoiros, Unións Agrarias, Gandeiros Galegos da Suprema e a Consellaría do Medio Rural.

SEGURIDADE SOCIAL ▶ A Seguridade Social cobrou a persoas labregas cotas por baixa laboral xa pagadas polas mutuas conforme á Lei Xeral da Seguridade Social

O SLG-CCLL reclamará as cotas da SS cobradas ás labregas que estiveron de baixa máis de 60 días

Durante o mes de setembro, a Tesourería Xeral da Seguridade Social estivo mandando unhas cartas a traballadoras na actividade agraria por conta propia reclamándolles cantidades de diñeiro correspondentes a cotas de cotización de diferentes períodos entre os anos 2019 e o 2021, nos que estiveron de baixa durante máis de 60 días. O venres 29 de setembro, a Seguridade Social fixo o cargo destas cotas nas contas das persoas traballadoras.

Porén, as cotizacións que lle reclaman agora foron pagadas no seu momento polas mutuas, que tiñan a obriga de facerse cargo delas en virtude da modificación que se fixo no seu día do artigo 308.1 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, que establecía que as mutuas se farían cargo das cotizacións das persoas traballadoras por conta propia a partir do día 60 de incapacidade temporal.

Por parte do SLG xa estamos a traballar para reclamar contra as mutuas e a Tesourería Xeral da Seguridade Social para que sexan as mutuas as que se fagan cargo destas cotizacións. Aínda que o texto da Lei mencionaba que se farían cargo desta cobertura “con cargo ás cotas por cese de actividade”, a redacción do mesmo non vincula o dereito coa cotización por cese de actividade. Non obstante, tanto as mutuas como a Tesourería Xeral da Seguridade Social obviaron esta interpretación e están a reclamarlle diferentes cantidades de diñeiro ás labregas e aos labregos que non tiñan esta cobertura e estiveron de baixa máis de dous meses entre o 2019 e o 2021.

A actual redacción do texto legal fíxose máis clara a partir do ano 2022 e arestora dálle cobertura a todas as persoas traballadoras aínda que non estean cotizando con

dereito a cese por actividade. De feito, malia que no período entre 2019 e 2021 existen diferentes interpretacións, nunha resolución publicada no ano 2022 polo Consello Xeral do Poder Xudicial, o Tribunal Superior de Xustiza de Asturias, falla a favor da persoa traballadora e en contra da mutua, determinando que debe ser esta última a que ten que facerse cargo das cotizacións a partir do día 60 dunha incapacidade temporal en todos os casos, con independencia de ter ou non a cobertura de cese de actividade. É totalmente improcedente que tanto as mutuas como a Tesourería Xeral da Seguridade Social carguen sobre as labregas e os labregos as cotizacións das que xa se fixeran cargo no seu día, optando tanto a Administración como as propias mutuas por unha interpretación da normativa ao seu favor e na contra das persoas traballadoras.

ATENCIÓN ÁS DEPENDENTES ▶ Segundo o Observatorio da Dependencia, o 35% das persoas que abandonaron a lista foi por falecemento, non por acceso ao servizo

Denunciamos a neglixencia da Xunta na xestión do servizo de atención ás persoas dependentes

No mes de novembro publicáronse dúas importantes modificacións normativas da Lei que regula o Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia. A primeira delas, que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, foi argumentada polos responsábeis de Política Social como medida para reducir a metade os prazos das listas de espera, pero na realidade non só non os reducen, senón que mesmo reducen dereitos a cidadanía, como xa temos denunciado.

A día de hoxe, tramitar a dependencia en Galiza prolóngase máis dun ano (371 días de media), a maioría bastante máis. Persoas que a solicitaron en xaneiro do 2023 foron citadas para valoración no mes de outubro, e logo aínda teñen que agardar arredor de dous meses para acceder á valoración, e outros dous ou máis para a aprobación do PIA (Plan Individual de Atención). Na actualidade temos 2.693 persoas pendentes de resolución. Ademais, subliña a vogal do SLG-CCLL no Consello Galego de Benestar Social, Margarida Prieto Ledo, “segundo o Observatorio da Dependencia, das 1.010 persoas que abandonaron a lista de espera de resolución de prestación [en 2022], o 35,35% fixérono como consecuencia do falecemento da persoa e non pola xestión da comunidade autónoma, isto é gravísimo”.

Moi posibelmente vinculado a este deficiente funcionamento na atención, a nivel estatal Galiza é a comunidade autónoma que menos solicitudes de dependencia rexistra respecto das persoas potencialmente dependentes. Cunha poboación de 2,690.464, temos 485.558 persoas potencialmente dependentes e so 83,578 solicitudes, polo tanto, seguramente desanimadas polas dificultades na súa solicitude e as dilatadas esperas na súa concesión, só un 17,21% das persoas que deberían contar con esta prestación a solicitan.

No tocante á segunda modificación lexislativa, que afecta á regulación o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, resulta preocupante comprobar que os incrementos na parte adicional das Comunidades no noso país deixan fóra o 64% dos dependentes. É dicir, no que se refire ás que se asignan as axudas de coidadores familiares, a 31 de outubro eran 17.383, o 19,5 % dos totais, dos cales o 29% son de grao III e so se lles vai incrementar a axuda que están percibindo en 384 euros anuais. Os outros colectivos obxectivo son as persoas dependentes que están percibindo dunha axuda vinculada (Bono residencial de 1200 euros), que só significan o 16,5 % dos dependentes 14.670 persoas.

LABREGAS ▶ O Sindicato Labrego Galego participou no encontro estatal que tivo lugar os días 24 e 25 de outubro no local da CUT en Santiago de Compostela

Encontro Estatal “Labregas participando para transformar as políticas públicas”

O programa incluíu visitas a granxas xestionadas por mulleres da comarca e representación do Ministerio do Reto Demográfico

O Encontro Estatal de Mulleres, organizado pola Confederación de Asociacións de Mulleres do Mundo Rural CERES, da que formamos parte, celebrouse durante os días 24 e 25 de outubro en Compostela. Dende o SLG queremos incidir na importancia da participación das mulleres labregas nas mesas de negociación e onde se deciden as políticas que despois nos afectan nas nosas producións, por exemplo a PAC, e tamén na visibilidade de modelos agrícolas - gandeiros liderados por mulleres.

A responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, subliñou a importancia que para o SLG ten “incidir en que é imprescindible acadar unha participación plena e real das mulleres labregas nas mesas de negociación, así como en calquera espazo onde se decidan as políticas que afectan ás nosas producións. Por exemplo, en relación á PAC: necesitamos de maneira urxente revisar os criterios de asignación das axudas, xa que están baseados en dereitos históricos vinculados á terra, e aí as mulleres saímos prexudicadas. Nesta liña tamén é necesario visibilizar máis os modelos agrícolas e gandeiros liderados por mulleres, e que



Participantes do encontro estatal “Labregas participando para transformar as políticas públicas”, organizado en Compostela.

sexan tomados en conta á hora de deseñar estas políticas”.

Martes 24 de outubro

As conferencias programadas no marco deste evento tiveron lugar no local da CUT en Santiago de Compostela e deron inicio na tarde do martes 24 cunha intervención da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Innovación e Formación, continuando coa quenda da Directora Xeral de Políticas contra o Despoboamento, en representación do Ministerio do Reto Demográfico. Nesta xornada debullouse a perspectiva de xénero e a integración das medidas de apoio á igualdade dentro das políticas públicas existentes para o desenvolvemento económico do medio rural, análise que correu a cargo de dúas representantes do SLG, a gandeira e economista experta en desenvolvemento rural Ana Rodríguez Vázquez e a responsábel da Secretaría das Mu-

lleres do SLG, María Ferreiro.

Mércores 25 de outubro

Na mañá do mércores achegámonos a experiencias reais, a través da visita a unha granxa de Rois xestionada pola afiliada do SLG Carmen de Socastro, e ao obradoiro compartido de Rois. Durante a sesión da tarde tivemos a oportunidade de coñecer a experiencia de boas prácticas en innovación para a economía dixital agraria lideradas por mulleres.

Presentouse neste bloque de contidos o proxecto “Consume cabrito por Navidad”, liderado por unha granxa de carne de cabra na zona de Gran Canaria en colaboración con escolas de hostalaría e tamén Asoquegran; os proxectos que está a desenvolver no contorno europeo a Asociación de Mulleres de Cooperativas Alimentarias de España e as experiencias das afiliadas e integrantes da Dirección Nacional do SLG: Concha

Montecelos de Casa Bértolo S.C. -gandeira en ecolóxico que transforma o leite e é socia dunha cooperativa agraria- e Uxía de Buciños Nóvoa, tamén membro da Executiva do SLG, do proxecto agroecolóxico Tralaleira, situado na aldea de Oroxo na Reserva da Biosfera de Allariz (Ourense), enmarcado dentro da Agricultura Sostida pola Comunidade.

A colaboradora do SLG Tareixa Ledo, especialista feminista en procesos participativos no marco da produción de alimentos impartiu a palestra “A participación activa das mulleres nas políticas públicas como acto consciente de cidadanía para o exercicio dos dereitos humanos e a consecución dos ODS”. O encontro pechou coa conferencia “A perspectiva da mocidade e o futuro das zonas rurais da man das organizacións agrarias do Estado”, a cargo das xuventudes agrarias de COAG e Sindicato Labrego.

DEREITOS DAS LABREGAS ▶ Xornada de loita feminista colectiva arredor dos dereitos das mulleres labregas o pasado luns 27 de novembro na Aula da Natureza de Toques

Fronte ás violencias machistas: empoderamento, sororidade e solidariedade internacional



Na xornada de loita colectiva polos dereitos das labregas, que celebramos na Aula da Natureza de Toques, afondamos nas violencias que sufrimos as mulleres.

Este 25N dende o SLG denunciaremos a violencia do Estado de Israel contra as mulleres palestinas como estratexia militar



O 27 de novembro profundamos nos dereitos fronte á violencia estrutural e institucional e a deficiente aplicación da Lei de Titularidade Compartida, na demora das cotizacións nas mulleres e no mal funcionamento en Galiza da Lei de Dependencia.

O Sindicato Labrego Galego participou o sábado 25 de novembro nas mobilizacións convocadas en toda Galiza pola Marcha Mundial das Mulleres (MMM) con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller.

Nesta liña, dende o SLG-CLL celebramos, dous días despois, o luns 27 de novembro, na Aula da Natureza de Toques, unha xornada de loita colectiva polos dereitos das mulleres labregas.

A través desta xornada, que comezou ás 11h da mañá e rematou cun xantar compartido, creamos un espazo de confianza e agarimo no cal abordar as distintas materializacións das violencias machistas que dende unha perspectiva interseccional podemos identificar nas mulleres labregas: por unha banda, por ser mulleres, fronte ao patriarcado; por outra, por ser labregas, fronte á globalización neoliberal.

Dereitos das labregas

Durante a xornada, fixemos fincapé nas violencias que afectan de xeito diferenciado ás mulleres produtoras de alimentos, por exemplo no eido da Seguridade Social, compartindo experiencias que nos axudaron a dar visibilidade a esta situación e avanzar na procura de ferramentas coas que facer fronte a este tipo de discriminacións.

Outro aspecto que abordamos son as implicacións que

para as mulleres supoñen o feito de estar en primeira liña de loita pola defensa da terra, da que no noso país estamos a ter unha intensa experiencia a través da participación na articulación da resistencia fronte ao espolio enerxético da nosa biodiversidade e, nomeadamente, a imposición da industrialización das áreas rurais onde vivimos e desenvolvemos a nosa actividade profesional as labregas.

Tamén afondamos en técnicas para a construción do bo trato, e debullamos claves vinculadas á violencia estrutural contra as mulleres labregas, por exemplo, as discriminacións presentes na Política Agraria Común (PAC).

Ademais durante o encontro, presentouse tamén un documento que recolle os principais Dereitos das Mulleres Labregas, e aspiramos que sirva como ferramenta de apoderamento.

Mulleres palestinas

Nunha data como é o 25 de novembro, dende o SLG tivemos un especial recordo e recoñecemento para as mulleres palestinas, obxecto diferenciado da extrema violencia do Estado de Israel, e que garda relación estratéxica co obxectivo militar de fondo do Goberno de Netanyahu de perpetrar o xenocidio do pobo palestino.

SANTIAGO RODRÍGUEZ CID ▶ Produtor de horta en Cartelle (Ourense) e responsable de Sectores Vexetais no Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas

“Digo moitas veces que sigo nisto seguramente grazas ao Sindicato”



Unha imaxe do produtor de horta Santiago Rodríguez Cid na casa familiar en Cartelle (Ourense), o pasado mes de outubro, durante a realización desta entrevista.

✓ Santi, como tiveches coñecemento da existencia do Sindicato Labrego Galego?

Coñecemento do SLG tíveno xa hai máis de dez anos. Logo de traballar en moitas cousas, tentei comezar a traballar con ovellas. Na casa de meus avós sempre houbera algo de gando e cando comecei eles xa non estaban, quedaban unhas poucas, e eu animeime a meter máis. E todo o que podía saír mal coas ovellas saíu mal! Unha noite, un colega comentoume que estaban comezando cun proxecto de

horta entre varios nuns invernadoiros de alugueiro en Gome-sende e animeime a participar con eles. Aí foi o meu primeiro contacto co Sindicato porque coincidíramos o noso proxecto e mais outro de Allariz de varias persoas e Andrés do SLG, sobre o ano 2013 ou 2014. Ese foi o meu primeiro contacto co SLG. Despois a entrada foi cando Dani Rodicio e Sonia Vidal me animaron a afiliarme porque lles daba o perfil para ingresar na Escola de Acción Campesina. Foi entrar pola porta grande!

✓ Fálanos do teu paso pola Escola de Acción Campesina, na que o Sindicato Labrego Galego mandaba a varias persoas na súa representación.

Daquela foramos Sabela e eu. Como antes dixeran que co das ovellas fora unha das hostias máis grandes da miña vida, a Escola de Acción Campesina foi o mellor, sobre todo a nivel persoal. Por un lado, atoparse coa diversidade de proxectos e moitas veces co que une a proxectos tan distintos; e por outro, a idea de non sentirse só, que iso

tamén me pasa na miña relación co SLG. Ves que hai moita xente que está na mesma loita ca ti. A día de hoxe o de producir alimentos é unha loita.

“Producir alimentos é unha loita”

✓ **Esa experiencia nutriuche de forzas para seguir na loita, non?**

Si, moito, quizais foi o principal motivo polo que siga hoxe. Porque hai moitos momentos nos que o máis doado é dicir vou traballar para un xefe despreocúpome de todo e listo. Pero si, no persoal axudoume moito.

✓ **Retomando a conversa de antes, dicías que entraches a formar parte dun proxecto colectivo de horta. Non foi adiante e decidiches ir pola túa conta.**

O proxecto aquel non saíu adiante como a maioría de proxectos destes, por desgraza, e eu sabendo que non quería traballar para ninguén, díxome miña nai que podíamos tentar arranxar as terras e ver que tal se vende, e foi cando comezamos.

✓ **Ti ao mesmo tempo que comezaches a actividade de produción tamén te animaches a divulgar unha alianza entre persoas produtoras e consumidoras e, ao mesmo tempo, por unha alimentación sa e saudábel.**

Na Escola de Acción Campesina había unha especie de traballo de fin de formación onde pedían facer algo segundo as necesidades da túa zona, e eu vía que en Ourense o que máis faltaba era iso, conciencia tanto sobre hábitos de consumo, coñecemento de que existen granxas pequenas, charlas, etc.

✓ **Como resultou esa experiencia?**

Como experiencia ben, asistiu bastante xente e houbo interese. Logo en canto aos resultados eu non esperaba moitos nin moitos houbo, pero algo de aí saíu, polo menos para ter máis coñecemento do que hai arredor.

✓ **E entón decidícheste por emprender un proxecto agroecolóxico.**

Tampouco me gusta moito o de poñerlle nome pero se o hai que encaixar pois é agroecolóxico.



O produtor Santiago Rodríguez Cid coa súa nai, Mercedes Cid Álvarez, que está xubilada pero segue axudando no proxecto.

“O máis importa para nós é o coidado da terra e toda a simbiose que existe arredor”

Non é ecolóxico porque non está certificado nin entra nos nosos plans en canto as certificacións funcionen como funcionan nin vemos lóxico os prezos aos que chega o produto ecolóxico. Non sei en que zonas, pero no ámbito no que eu me movo non hai xente que poida pagar eses prezos, eu non podería facer a miña compra diaria nos prezos do produto ecolóxico, e na maneira na que traballamos

tamén nos permite ter uns prezos que poidan chegar á xente coma nós, porque o de comer é unha manía que ten a xente diaria. Pero si, o máis importa para nós é o coidado da terra e toda a simbiose que existe arredor. Eu creo que a palabra que debería definir calquera proxecto e coherencia, e a base de observar o que se vai facendo no contorno segues ese camiño.

✓ **Estamos nunha era onde nos queren vender tecnoloxía e maquinaria de última xeración para todo. Non sei se ti podes facer un resumo de como producides vós.**

A nosa relación coa tecnoloxía no traballo é boa de resumir: cando comezamos coa granxa, comezamos cunha cavadora, que aínda estou arranxando hoxe, logo fomos metendo algo o pascuali que xa había na casa, e agora o que para nós xa foi un salto brutal foi mercar un tractor que é un ano máis vello ca min, ten 40 anos. Creo que iso resume bastante ben a nosa relación coa tecnoloxía. O que mercamos son aparellos moi vellos. Por unha banda, porque economicamente é ao que damos chegado, e dúas porque é o que mellor se adapta á nosa

maneira de traballar. E seguimos utilizando o burro para moitos traballos, sobre todo aquí nas terras pequenas, a pataca faina o burro e tamén para moita verdura.

✓ **Aí tamén entra a relación coa terra, co animal.**

Si, podemos afondar nas diversas vantaxes a nivel social que che fai traballar con outro animal doutra especie para logo ter relación coa xente. A min, en concreto, faime querer ter menos relación coa xente (riso).

✓ **Volvendo ao tema da túa vinculación co Sindicato Labrego Galego, cres que o seu labor nesta zona, e en xeral, en Galiza, serviu para axudar as persoas a coller forzas en vinculación ao seu traballo no rural?**

A nivel persoal de seguridade e persoal vexo o vaso cheo. Eu digo moitas veces que sigo nisto seguramente grazas ao Sindicato, porque sabes que nunca estás só. E a nivel coñecementos, aínda que non adoitamos ter moito tempo para formacións, o feito de compartir con outra xente tamén serve para saber que hai persoas ás que podemos recorrer.

✓ Que consellos lle darías ás persoas que queren incorporarse ao traballo no rural?

Se queremos falar de xente que quere comezar se cadra hai que separar dous mundos. Estou farto de que nos poñan exemplos de emprendemento no rural con bens herdados. Cambia moito que ti teñas un colchón detrás ou que teñas a calma dunha vivenda e saber que se sucede algo teño por onde tirar, que comezar de cero. A xente cando comeza non ten moi claro iso.

E volvendo á superficie o mesmo, case todas e todos cando comezamos na horta pensamos que imos formar en quince días un grupo de consumo do que imos sacar un salario e nunca sae iso. Hai que ver cantos grupos de consumo están funcionando ben. Se vendes a tendas, as tendas nas cidades moven moito máis produto, vas ter que producir máis e cultivar máis. E tamén a comodidade de tela reagrupada. Nós témolas en dous pobos e xa implica un bo gasto.

✓ Cando comezamos, hai que estudar ben o proxecto e tamén a posibilidade de que existan perdas.

Si, é importante reparar niso. Cando comezamos, sempre temos moita ilusión e ás veces non pensamos nelas, pero claro, as perdas están aí. Non hai ningún ano no que non haxa algún problema. Nós xa levamos anos, e un ano é o xabaril, outro ano é a seca, outro ano é unha tormenta, outro ano é unha xeadá...

✓ Consideras que tanto a política europea, estatal e galega apoian este tipo de agricultura sostíbel ou que, pola contra, se dedican a apoiar o modo de produción capitalista para vender a grandes empresas a baixo custo?

Si, claro. Incluso usan o noso tipo de produción como propaganda para financiar ás grandes. Se ademais logo miramos a porcentaxe de presupostos, o

que vai para un lado e para outro, canto máis pequeno é o proxecto menos axudas hai.

✓ Téñense en conta as hectáreas en vez das persoas.

Claro... totalmente! En vez das persoas e do que fan as persoas con esas hectáreas que debería ser o que hai que ter en conta. Por exemplo, nós nunca cobramos a PAC. Un dos primeiros anos que se presentou metéranos 120 euros por zona desfavorecidas nada máis. Até o de agora foi único que tivemos de PAC dende que traballamos.

serán elas as que teñan que producir. Pero hai producións nas que non se van meter. Antes case todas as persoas tiñan froita na súa casa, mazás, por exemplo, e a día de hoxe (tanto que falamos da tecnoloxía e dos avances), non sucede iso. Non sei como non se fomenta a súa recuperación. Só a sidra que lle interesa á gran empresa de sempre e nada máis.

✓ Co papel que nós facemos dende esta organización pensas que puidemos incidir cara a ese intentar achegarnos

“Recordar as grandes loitas é necesario pero resistir e ter as granxas funcionando a día de hoxe eu véxoo moi digno”



Santi coa súa compañeira Tania Bouzas Peón, que na actualidade axuda no proxecto e está arraxando os trámites necesarios para incorporarse de cheo canda el.

✓ Formas parte da Executiva do SLG e tamén es o responsable de Sectores Vexetais, e dentro está a horta, os froitos, pero tamén a fruticultura. Como cres que poderíamos facer para impulsar que se fomenta a alimentación de proximidade, de calidade e sa?

Se queremos producir alimentos, haberlle que dar terra e oportunidade a quen os queira producir. E na maioría dos casos non teñen nin terra nin se lle dá oportunidade, polo que acabamos de falar. Se as políticas apoian só a grandes empresas,

máis ao autoabastecemento e ao sostíbel?

A capacidade que tivo o SLG para influír está clara. Para empezar é o único sindicato que sempre tivo isto no discurso, ademais o único literalmente. Por un lado, a nivel político creo que imos estar sós sempre, porque a relación cos partidos políticos resúmese nunha reunión de cando en vez, sobre todo se vai haber eleccións, e pouco máis. E a nivel social, no ritmo de vida que nos meteron é moi difícil ter alianzas. A nivel produción as pequenas produtoras

que son as que podemos estar interesadas e ter o coñecemento non temos o tempo, e quen pode ter o tempo non ten o interese, e a mesma sociedade para estas cousas parece que tampouco ten tempo. Porque cando tentamos poñer en práctica a venda directa hai unha cultura de supermercado na sociedade que fai que o que debería ser cada vez máis fácil sexa máis difícil. A xente cre que os produtos son todos uniformes e que só existen tres variedades e a ver como lle explicas ti que non, cando temos metido iso dende pequenas e pequenos. O que se faga vai ser pensado para que o leven acabo as nosas netas e netos. Nós estamos chegando a un punto que co de sobrevivir imos tendo dabondo. A día de hoxe resistir nisto, creo que hai poucas loitas tan duras. Incluso nos parece unha falta de respecto considerar que non é suficiente con resistir. Recordar as grandes loitas é necesario pero resistir e ter as granxas funcionando a día de hoxe eu véxoo moi digno.

✓ Hai algo máis que queiras dicir antes de finalizar a conversa?

Sempre tentei estar activo a nivel activismo e tentei estalo politicamente e non son capaz de aguantar moito tempo en ningún lugar organizado politicamente onde haxa unhas xerarquías que non vou respectar nunca porque odio as xerarquías e as ordes, por iso cheguei a onde cheguei na miña vida persoal porque non son capaz de aguantar os mandos de ningún, pero no Sindicato Labrego Galego cada vez estou máis cómodo. Para quen se queira animar e pasar a formar parte do Sindicato Labrego Galego, paréceme que é un dato bastante importante porque eu sei que hai moita xente que lle pasa o mesmo que a min, que levamos moi mal estar baixo as ordes doutras. Eu sigo aquí e cada día estou máis seguro e será por algo. Cumprir 50 anos é un dato bastante importante!!

DEREITOS LABREGOS ▶ Composta por 28 artigos, a Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais

Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais

Dende 1993, por medio de La Vía Campesina, millóns de persoas que viven en áreas rurais advertiron ao mundo do desastre. Despois dunha década de mobilizacións e loita para contrarrestar a crecente expansión do capital internacional, La Vía Campesina propuxo e iniciou unha campaña a prol dun instrumento legal internacional para a defensa dos dereitos dos pobos aos seus territorios, sementes, augas e bosques.

Durante 17 longos anos, labregas e labregos, traballadoras e traballadores, pescadoras e pescadores e pobos orixinarios de Asia, África, as Américas e Europa negociaron con paciencia e persistencia dentro e fóra do Consello de Dereitos Humanos da

Organización das Nacións Unidas, compartindo as súas historias de expropiación e desolación. Este proceso de negociación serviu como catalizador e permitiu abordar a campaña con maior vigor.

O 18 de decembro de 2018, estes esforzos finalmente deron o seu froito e a Asamblea Xeral da Organización das Nacións Unidas adoptou a Declaración da ONU de dereitos de labregos e outras persoas que traballan en áreas rurais (UNDROP, polas sus siglas en inglés). Esta Declaración non só considera ás labregas e aos labregos como meros "suxeitos de dereito".

Tamén reconece ás labregas e aos labregos e ás persoas que habitan zonas rurais

como axentes fundamentais para superar as crises. Esta Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais. Ademais, senta unha xurisprudencia e unha perspectiva xurídica internacional para orientar a lexislación e as políticas públicas e todos os niveis institucionais en beneficio das que alimentan o mundo.

O núcleo da Declaración céntrase no dereito á terra, ás sementes e á biodiversidade, así como en varios dereitos colectivos ancorados na Soberanía Alimentaria. Está composta por 28 artigos (que iremos amosando nos seguintes Fouces), correspondéndose o terceiro á igualdade e non discriminación.



ARTIGO 3: IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN

1. Os labregos e as labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais teñen dereito a desfrutar plenamente de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais que se recoñecen na Carta das Nacións Unidas, a Declaración Universal de Dereitos Humanos e todos os demais instrumentos internacionais de dereitos humanos, sen ningún tipo de discriminación no exercicio dos seus dereitos por motivos de orixe, nacionalidade, raza, cor, liñaxe, sexo, idioma, cultura, estado civil, patrimonio, discapacidade, idade, opinión política ou doutra índole, relixión, nacemento ou situación económica, social ou doutro tipo.
2. Os labregos e as labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais teñen dereito a definir e desenvolver prioridades e estratexias para exercer o seu dereito ao desenvolvemento.
3. Os estados adoptarán as medidas axeitadas para eliminar as condicións que orixinan a discriminación dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais ou contribúen a perpetuala, incluídas as formas múltiples e entrecruzadas de discriminación.

CONFERENCIA INTERNACIONAL LVC ▶ Neste oitavo encontro, iniciado en Bogotá o 3 de decembro, reuníronse medio milleiro de delegadas de todo o mundo

O SLG, unha das organizacións fundadoras de LVC, presente na súa VIII Conferencia Internacional

Isabel Vilalba e Sonia Vidal participaron na VI Asemblea de Mulleres e Brais Álvarez na V Asemblea da Mocidade de La Vía Campesina

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), a gandeira e produtora de fabas de Lourenzá Isabel Vilalba; a integrante do Comité de Coordinación pola rexión europea, a gandeira do SLG-CCLL Sonia Vidal; e Brais Álvarez, apicultor membro da Executiva Nacional do Sindicato Labrego Galego (SLG-CCLL) participaron o pasado decembro na VIII Conferencia Internacional que o movemento labrego mundial La Vía Campesina celebrou en Bogotá (Colombia), á que asistiron en representación do Sindicato Labrego Galego dende a súa apertura o día 3 de decembro.

Este oitavo encontro internacional contou coa participación de medio milleiro de labregas e persoas referentes da loita labrega a nivel mundial, como Marina Dos Santos, do Movemento Sem Terra do Brasil -hoxe deputada por Río de Janeiro- ou Rafael Alegría, de Honduras -hoxe viceministro de Instituto Nacional Agrario-.

V Asemblea da Mocidade

Durante a primeira xornada desta conferencia tivo lugar a V Asemblea da Mocidade, onde interveu Brais Álvarez polo SLG-CCLL. A renovación xeracional emerxeu como unha das principais prioridades da moci-



De esquerda a dereita: a integrante do Comité de Coordinación de ECVC (European Coordination Via Campesina), Sonia Vidal; a nosa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba Seivane; e o membro da Executiva Nacional do Sindicato Labrego Brais Álvarez.

dade deste movemento labrego mundial, abarcando non só a dinámica política e o liderado no interior do mesmo, senón tamén no ámbito práctico da produción agrícola. O obxectivo é involucrar máis persoas novas na agricultura, co fin de restaurar e defender a dignidade de ser persoa moza labrega.

VI Asemblea Internacional de Mulleres

O segundo día tivo lugar, entre outras actividades, a VI Asemblea Internacional de Mulleres. Participaron neste agardado encontro internacional de labregas chegadas de case un cento de países, a compañeira do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas e tamén in-

tegrante do Comité de Coordinación da Coordinadora Europea Vía Campesina (ECVC), Sonia Vidal, e a nosa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba Seivane, quen expuxo a palestra "A Vía Campesina: Feminismo campesino e popular, a soberanía alimentaria e a superación das violencias".

30 aniversario de LVC

Esta VIII Conferencia Internacional que tivo lugar dende o 3 ao 8 de decembro, en Bogotá, marca o 30 aniversario da Vía Campesina, e tivo como obxectivo reflexionar sobre os seus progresos, partillar as experiencias de persoas labregas de todo o mundo ante o cambio climático, a guerra e outras ameazas,

así como definir as liñas de loita das organizacións membro de La Vía Campesina para os vindeiros catro anos. A solidariedade co pobo palestino estivo moi presente ao longo desta cita internacional, contando coa experiencia da organización palestina UAWC-Palestina, que forma parte de La Vía Campesina dende o ano 2013.

O encontro consolidou a importancia da Declaración sobre os Dereitos dxs Campesinxs, aprobada polas Nacións Unidas o 17 de decembro de 2018, e salientou a necesidade de fortalecer solidariedade internacional para acadar o cumprimento dos dereitos do campesiñado e a materialización do dereito á soberanía alimentaria dos pobos.

Durante esta VIII Conferencia creouse unha décima rexión chamada ARNA (rexión Árabe e no África do Norte) que se inclúe ás xa existentes: América Central, América do Sur, América do Norte, Caribe, África do Sur e do Oeste; África Central e do Oeste; Asia do Sur, Asia do Este e do Sudeste, e Europa. Ademais, incluíronse novas organizacións como o caso de org de Australia.

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas foi unha das organizacións fundadoras

deste movemento social mundial, en pé de loita labrega dende o ano 1993. Froito destas décadas de alianza e traballo internacional é, por exemplo, o dereito á Soberanía Alimentaria dos pobos, conceptualizado e lanzado ao mundo por LVC no ano 1996, ou a reivindicación dun modelo de produción agroecolóxico que poña no centro a vida das persoas e o planeta. A vindeira conferencia internacional de La Vía Campesina terá lugar dentro de catro anos en África.



Á dereita, Brais Álvarez durante a súa participación na Asemblea Xeral. Nas dúas fotos da esquerda Sonia Vidal e Isabel Vilalba na VI Asemblea Internacional de Mulleres.

CESE ▶ A Secretaria Xeral do SLG-CCLL participou o 26 de setembro no Consello Económico e Social Europeo en representación da CEVC

“Precisamos persoas labregas en todos os territorios”

Vilalba reiterou que as actuais políticas agroalimentarias da UE son contrarias á consecución do dereito á Soberanía Alimentaria

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, Isabel Vilalba Seivane, participou o 26 de setembro na sesión do Comité Económico e Social Europeo (CESE) en representación da Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC). Baixo o título "Soberanía alimentaria europea: o papel da agricultura, a pesca e os consumidores", esta reunión do Grupo de Organizacións da Sociedade Civil do CESE tivo lugar na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

O dereito á Soberanía Alimentaria -presentado oficialmente polo movemento labrego internacional La Vía Campesina no Cumio Mundial da Alimentación celebrado pola FAO en Roma no ano 1996 como alternativa ás políticas neoliberais-, fai referencia ao dereito dos pobos, comunidades e países a definir as súas propias políticas agrí-

colas, pastorís, laborais, de pesca, alimentarias e agrarias de xeito que sexan ecolóxica, social, económica e culturalmente axeitadas ás súas circunstancias exclusivas.



Isabel Vilalba nun momento da súa intervención na sesión do CESE.

colas, pastorís, laborais, de pesca, alimentarias e agrarias de xeito que sexan ecolóxica, social, económica e culturalmente axeitadas ás súas circunstancias exclusivas.

Prestación por violencia machista

Convócase para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero.

Prazo aberto permanentemente (código de procedemento SI434A). Para máis información contacta coa túa oficina do Sindicato Labrego Galego

-Comisións Labregas (SLG-CCLL)

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

016

Non permitas que te maltraten. Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)



Compra - Venda - Troco

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982 183 019

Véndese

-Tanque de leite da marca Serap, de 3500 litros. Gorgullos - Tordoia
☎636 705 285 (Elisardo)

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese

-Ovellas de boa raza.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Casa con finca en Sobrado dos Monxes
☎635 503 763

Véndese

-Esterco
-Ovos para casas e restaurantes.
☎981 446 501

Alúganse

-Cortes e fincas en Cabanas
☎981 446 501 (Rosa ou Javier)

Véndese ou alúgase

-Finca de 2ha, terreo de labradío, no lugar de Galan, Laro
Ten bo acceso a 400m do empalme de Laro
Ten auga
☎677 461 844

Véndese

-Can de palleiro auténtico (Víctor)
☎676 26 84 64

Véndese ou alúgase

-CASA con 2 naves e 14 has de terreo en Outeiro de Rei. (José Antonio)
☎982 060 865

Véndese

-Xuntador de herba Kuhn de 4 metros de Xunta
-Pinza cortadora de Ternias
-Estendedor de herba Zona de Carballedo (Lugo)
☎653 641 823

Véndese

-3 dereitos (1,83 da rexión 18 e 1,15 da rexión 3)
☎641 680 585

Véndese

-Abonadora VICON de tractor
☎637 545 179 (Luz)

Véndese

-Alternador eléctrico de enganche a tractor de 15 kaveas
-Tanque de Refrigeración de leite de 2000 L. Lavado automático marca SERAP
-Abonadora Aguirre Tafaya 400kg.
-Tanque conservación semen
-Silo penso 6000kg. (José Antonio Calviño Olas - Mesía)
☎659 927 961

Véndese

-Muíño de auga de dimensión 10 por 10. Bo estado, con 1ha de terreo xunto ao muíño
-Xatos e xatas de limousín (país con carta) A 10km de Lugo
☎690 774 565

Véndese

-Tractor EBRO Super 55 funcionando en Figueiras (Mondoñedo) (Lisardo)
☎622 343 498

Véndese

-Segadora Marca CAMON
☎690 77 45 65

Véndese

-Vacas por xubilación. Rubia Galega, mansiñas e con cría, algunhas delas marcadas na CRUGA
☎676 196 243

Véndese

-Venda directa de carne de xato. Canais, medio canal, cuartos, e lotes de 10kg. Gallega Suprema. Servizo a domicilio en calquera punto de Galiza
☎676 196 243

Véndese

-Sala de muxido marca Westfalia de 6 puntos.
-Tanque do frío de 1300 L monofásico e lavado automático
-Cisterna bebedeiro de fibra con bomba de carga
☎690 83 05 41

Véndese ou alúgase

-Véndese ou alúgase con dereito a compra, nave de 1400m2 a 25 km de Santiago. Prezo interesante
☎634 409 255 (Elena)

Véndese

-Tanque de frío de 200 litros
☎662 323 867 (Manuela)

Véndese

-Rotoempacadora class rollant 46
-Segadora rotativa class 2700
-Encintadora alz (Zona de Castroverde)
☎617 65 53 20

Véndese

-30 vacas de leite (por separado)
-Tractor john deere 6330 (Monfero)
☎666 861 530

Véndese

-Fresadora no concello de Tordoia
☎657 365 726

Véndese

-Tractor Pascual con remolque e arado Muras (As Pontes)
☎677 136 104

Búscase

-Peón agro-gandeiro para granxa láctea no Concello de Monfero
☎646 878 067

Búscase

-Peón agrícola para granxa de leite en Monfero
☎646 626 492

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese

-50 vacas rubias
-Regálase un mastín de 3 anos
☎610 378 541
(Alberto Vence)

Véndese

-Dereitos
☎659 947 702
(Antonio Doval)

Véndese

- 50 ovelas ecolóxico (A Limia)
☎686 864 735

Véndese

- Batedor de purín con botella de inclinación
- Sementador de patacas de 2 regos seminovo
- Arrastrador con batería (150€)
☎606 508 189
(Miguel, Láncara)

Véndese

-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510
(José Antonio, Calde)

Véndese

-Estendedor e hilerador de herba seca
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Cargador Marangon de simple eixo.
-Tractor Ebro 160 para colección ou repostos
☎696 818 012

Véndese

-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 553
(Monfero)

Véndese

-Becerras Limousin
☎685 884 257
(Javier, Lugo)

Véndese

-Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese

- Vacas pintas de leite
☎650 107 657

Véndese

-40 rolos de herba seca
☎982 505 755
(Santa Cristina - Cospeito)

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese

-Viño do país branco e tinto.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese

-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Pontearreas)

Véndese

-Coche Peugeot 106
☎648 78 82 01
(Oza - Cesuras)

Véndese

-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Tenreiro Limousin puro para reprodutor
☎606 739 438
(Alejandro)

Véndese

-Autocargador con rodas anchas e tambores grandes. Interesados preguntan por Beatriz Manteiga López (Zona Oza - Cesuras)
☎648 788 201

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia.
Amoblada e lista para vivir.
Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado)
☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Tractor SAME de 120 cv, con dobre tracción e con turbo. En perfecto estado. Zona Friol
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

- Autocargador con rotativa.
☎680529642
Abella - Frades (A Coruña)

Véndese

-Vacas de carne (8 cabezas) por peche da granxa (Monfero)
☎659 418 563

Véndese

-Cargador rotativo da marca Rotomorra por falta de uso. (Antonio). Ordes
☎680 385 068

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

Vacas e novillas por peche de granxa. Zona de Carballido (Lugo, Antonio)
☎616 74 52 24

Véndese

-Véndese carro mesturador arrastrado horizontal Tatoma con fresa de dez metros de 2010. Ideal para unha granxa de 50 vacas a a 70 en muxido.
En bo estado, rodas novas e aceites recen cambiados.
(Jose Ramón)
☎639 683 278

Véndese

-Empacadora pequena marca Class, no Concello de Oza Cesuras.
☎646 753 984 ou 981 196 224 (Mónica)

Véndese

- 50 vacas rubias
- 1 mastín de tres anos. Ben coidado. Búscase persoa responsable.
Zona de Rodeiro
☎610 37 85 41

Véndese

-Grupo halógeno para tractor
-Revolvedor do purín
-Resinsiladora
-Xuntador de herba
-Extendedor de herba (Zona de Meira. Prezo a convir) ☎982 330 623 // 662 471 382

Véndese

-Casa para restaurar con terreo de 3000 m. No concello de Láncara, zona Carballal, prezo negociábel. :
☎606 5081 89 (Miguel)

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
Zona de Portomarín
☎626 686 509

Véndese

-Plastificadora
-Rotativa
-Empacadora
-Tanque de leite de 1.000 l.
-Remolque
-Batedor de xurros
-Circuíto de muxido de catro puntos
☎669 836 716

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese

-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese

-Viño do país e barran-

tes tinto e branco
☎986 68 94 86

Véndese

-Rolos de herba seca en Lugo. (Andrés)
☎646 665 896

Véndese

-60 bolos de silo e 30 de herba seca en Sobrado
☎677 752 829
(José Antonio)

Véndese

-27 tubos de Formigón, seminovos. Diámetro 40.
-Apeiros de tracción animal (babalo) carro, arado e grade, etc.
-Bidón de 1000L aceiro inox de viño, ideal para o mel (seminovo)
-Muxidora de caldeira, co motor.
Zona de Melide
☎651 99 55 03

Véndese

-Cisterna purín Cisca nova galvanizada 5000l compresor 2800l capacidade.
Zona de Melide.
☎604 028 980

Véndese

-Cadeira de cabalo con agarradeiras
-Becerro Limousin (ambos pais con carta)
☎690 774 565

Véndese

-Encintadora de brazo
☎620 576 908
(Monfero)

OUTROS

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia
☎680 926 816
(Pilar)

Alúgase

-4 Fincas de labradío (12ha.)
☎696 818 012
(Baixa de Trazo)

Alúgase

-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanas)

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente
☎628 829 199

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Nos últimos meses estase negociando a modificación do prego de condicións para a IXP Ternera Gallega/Vacún de Galicia. Un dos cambios propostos para Ternera Gallega Suprema indica: "En ditos sistemas produtivos, cando os tenreiros se sacrifiquen con 8 ou máis meses deberanse estabular e protexelos de inclemencias climatolóxicas". Este cambio de fondo exclúe a todas as granxas que alimentan o seu gando en liberdade, así como a todas aquelas que non teñen instalacións para cebar -como moitas das ecolóxicas-, e un dos valores diferenciados de calidade que até o de agora aportaba a TG Suprema.

A industrialización da IXP Ternera Gallega

No último pleno da IXP, celebrado a comezos de novembro, dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas presentamos, a través do noso vogal, Samuel Formoso Salgado, un texto alternativo eliminando a obrigatoriedade de meter os animais en recintos pechados, co fin de protexer a cría en liberdade propia do modelo labrego, e que até o de agora foi unha das principais claves do valor engadido da marca Ternera Gallega:

"Nos sistemas de produción extensivo e semiextensivo o acabado poderá realizarse mediante estabulación ou ao aire libre no pasto, sendo parte da marca os animais de ambos métodos que acaden os grados de engraxamento e conformación recollidos na orde".

Ambos os dous textos foron votados, sendo o resultado 15 votos a favor do texto proposto pola IXP onde se obriga ao acortellamento, e 1 voto a favor do texto proposto polo Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas onde se autorizan a ambos acabados, sempre e cando acade os grados fixados pola marca.

É dicir, os 8 vocais das industrias, os 3 de ASAGA en representación dos cebadoiros, os 2 de Unións Agrarias e os 2 de Gandeiros Galegos da Suprema, votaron a favor de eliminar da marca a todas aquelas granxas que non ceban ou aquelas granxas que non teñen instalacións para cebar xatos.



Unha das vacas de Samuel Formoso, de 21 anos de idade, na comarca da Limia.

O modelo de produción intensivo e industrial

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas alerta da grande irresponsabilidade que implica o feito de apoiar avanzar cara a un modelo de produción intensivo e industrial para a Ternera Gallega Suprema, unha modificación que vai precisamente no sentido contrario dos valores cos que se xerou a marca, e que o único que vai provocar é que sigan a desaparecer as granxas familiares que dan vida ao noso medio rural, privilexiando un modelo industrial baseado en cebadoiros, e

que pretende facer pasar este sistema cómodo para as macrogranxas como unha produción de calidade diferenciada. Ademais, cómpre ter en conta que, no contexto de actual crise económica e climática existente, a produción en base á importación de insumos vai a ser inviable economicamente para a maioría de pequenas e medianas granxas.

Esta modificación afecta a todas as granxas da produción tradicional galegas, tanto a aquelas que ceban acortellado como ás que non, polo que a nova normativa está abrindo a

marca a que dentro de pouco os cebadoiros poidan cebar xatos comprados as granxas de vacas e sacar estes ao mercado como Terreira Suprema, o cal implicará tamén que no medio prazo o prezo pagado ao sector produtor baixe, redundando nas dificultades que nestes últimos anos veñen afrontando as gandeiras e aos gandeiros de carne.

A industria e os cebadoiros, apoiados por UU.AA e Gandeiros Galegos da Suprema, aprobaron o principio da fin da marca e de moitas granxas familiares e sostíbeis do país, apoiando instaurar na IXP e no noso medio rural un modelo de produción que vai a reducir en poucos anos as granxas abertas á mínima expresión.

Fronte a este trágico escenario, dende o Sindicato Labrego activamos unha campaña de información e sensibilización ás persoas consumidoras, articulando o sector para demandar solucións que paralicen esta viraxe industrial da IXP, e canda as nosas organizacións agrarias aliadas na UE, nomeadamente a Coordinadora Europea Vía Campesina, da cal formamos parte, traballar a nivel das institucións comunitarias para que non se produza este cambio de paradigma que pretende agasallar o prestixio do bo facer labrego ao modelo agroindustrial que precisamente está a poñer a súa viabilidade en interdicto co apoio de gobernos neoliberais como o da Xunta de Galicia.